

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

8228 *Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público.*

I

Este real decreto lei establece as medidas extraordinarias adoptadas para dar cumprimento ao compromiso do Goberno de acelerar, en 2010 e 2011, a redución do déficit inicialmente prevista.

Adureza e a profundidade da crise económica levaron a todos os países industrializados a realizar un esforzo fiscal significativo para paliar as consecuencias da crise e preservar os niveis alcanzados de desenvolvemento e benestar. Non obstante, como consecuencia desta imprescindible política fiscal expansiva, as finanzas públicas sufriron unha grave deterioración que agora debe ser corrixida como requisito esencial para alcanzar unha recuperación económica sólida e duradeira.

O compromiso do Goberno de España coa sustentabilidade das súas finanzas públicas quedou plasmado na actualización do Plan de Estabilidade e Crecemento 2010-2013, aprobada polo Consello de Ministros do 29 de xaneiro de 2010. Nela establécese como obxectivo, de acordo co procedemento de déficit excesivo aberto pola Unión Europea, a redución do déficit para o conxunto das administracións públicas ata o 3 por cento do produto interior bruto. Así mesmo, tamén se aprobaron o Plan de Acción Inmediata 2010 e o Plan de Austeridade da Administración Xeral do Estado 2011-2013 como instrumentos para alcanzar o dito obxectivo. Posteriormente, o Consello de Política Fiscal e Financeira aprobou o Acordo marco coas comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía sobre sustentabilidade das finanzas públicas 2010-2013. No seo da Comisión Nacional de Administración Local aprobouse o Acordo marco sobre sostibilidade das finanzas públicas para o período 2010-2013, en que se prevé unha senda de déficit, en termos de contabilidade nacional, para o conxunto das entidades locais que vai desde o 0,5% PIB en 2009 ao 0,2% PIB en 2013. Con isto todas as administracións públicas se suman ao esforzo que, de forma coordinada, se debe levar a cabo para reducir o déficit público e asegurar a sustentabilidade fiscal a medio prazo.

O Plan de Acción Inmediata 2010 supuxo un acordo de non dispoñibilidade de 5000 millóns de euros que afectou todos os ministerios e unha redución da oferta pública de emprego, establecendo unha taxa de reposición do 10% das vacantes. Igualmente, aprobouse en marzo un plan de racionalización do gasto farmacéutico por importe de 1500 millóns de euros e en abril un plan sobre racionalización de estruturas da Administración xeral do Estado e un plan de racionalización do sector público empresarial do Estado.

Non obstante, a evolución da conxuntura económica, así como os compromisos adoptados polo noso país no ámbito da Unión Europea en defensa da unión monetaria e das economías da Eurozona, fan necesario anticipar algunhas das medidas previstas nos ditos escenarios coa finalidade de acelerar a senda de consolidación fiscal, restablecendo deste xeito a confianza dos mercados no cumprimento das perspectivas de redución do déficit.

De acordo con esta necesidade, este real decreto lei recolle unha serie de medidas de axuste que tratan de distribuír, da forma máis equitativa posible, o esforzo que toda a sociedade debe realizar para contribuír á sostibilidade das finanzas públicas.

Adicionalmente, acompañan este real decreto lei distintos acordos do Consello de Ministros, cos cales, por un lado, se concreta o recorte adicional que acentúa o esforzo de redución do gasto en 2010 e 2011, acelerando desta forma a senda de consolidación fiscal e, por outro, se realiza a revisión de todos os programas e políticas de gasto, dando así concreción ao establecido nos plans aprobados no Consello de Ministros do pasado día 29 de xaneiro.

As medidas que agora se adoptan parten dos esforzos de contención e redución de gasto xa adoptados con ocasión da aprobación da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2010 e dos citados acordos de xaneiro, marzo e abril deste mesmo ano. Nestes casos, a redución do gasto proxectouse esencialmente sobre o gasto corrente e de investimento da Administración xeral do Estado. Neste momento o Goberno decidiu actuar sobre ámbitos de gasto que permitían unha redución suplementaria e valorou especialmente evitar reducir determinadas partidas de gasto que ou ben resultan especialmente relevantes na actuación pública para impulsar a recuperación do crecemento, ou ben son imprescindibles para manter o apoio público aos que están a sufrir con maior intensidade as consecuencias da crise, con especial atención aos que se encontran en desemprego.

No primeiro capítulo recóllense as disposicións encamiñadas a reducir, con criterios de progresividade, a masa salarial do sector público nun 5 por cento en termos anuais. Pola súa banda, o capítulo II suspende a revalorización das pensións públicas para o ano 2011, excluindo as non contributivas e as pensións mínimas. O capítulo III suprime, para os novos solicitantes, a retroactividade do pagamento de prestacións por dependencia ao día de presentación da solicitude, e establécese, paralelamente, un prazo máximo de resolución de seis meses, cuxo incumprimento levará aparellada retroactividade desde a data en que se incorra nel. Así mesmo, o capítulo IV deixa sen efecto a prestación por nacemento ou adopción de 2.500 euros a partir do 1 de xaneiro de 2011. O capítulo V establece unha revisión do prezo dos medicamentos excluídos do sistema de prezos de referencia e a adecuación do número de unidades dos envases dos medicamentos á duración estandarizada dos tratamentos, así como dispensación de medicamentos en unidose. Todo iso co obxectivo de reducir os gastos en farmacia. Ademais, no capítulo VI adóptanse medidas co fin de garantir a contribución das entidades locais ao esforzo de consolidación fiscal e de mellora do control da xestión económica financeira das citadas entidades. Por último, no capítulo VII establécense medidas adicionais tendentes a realizar un control máis eficaz do gasto público.

A extraordinaria e urxente necesidade das reformas aquí establecidas obriga a facer uso da habilitación outorgada ao Goberno polo artigo 86 da Constitución española. De maneira que, aínda cando os cidadáns non vaian ver afectados os seus dereitos concretos de forma inmediata pola adopción dalgunha destas medidas, é evidente que a aprobación de todas elas vai producir uns importantes efectos económicos desde esta data, directamente orientados a remediar a situación de extraordinaria e urxente necesidade a que este real decreto lei responde, pois a rapidez, seguridade e determinación na actuación forma parte do compromiso asumido polos países integrantes da Zona Euro para reforzar a confianza na moeda única e na estabilidade da Eurozona.

II

Os gastos de persoal nas administracións públicas supoñen unha parte significativa dos gastos correntes. Segundo os datos da última enquisa de poboación activa referida ao primeiro trimestre de 2010, o número de empregados no sector público supón un 13 por cento da poboación activa, proporción que decreceu levemente desde 2005. Por outra banda, en termos de comparación internacional, de acordo cos últimos datos dispoñibles da OCDE, esta cifra sitúase por debaixo doutros países do noso ámbito como Alemaña ou Francia, cun 14,5 por cento e un 25,2 por cento, respectivamente.

Nun escenario económico caracterizado pola intensidade da crise económica con orixe na crise financeira internacional e con efectos sobre o crecemento e o emprego, resulta urxente adoptar medidas de contención nos gastos de persoal das diversas administracións públicas. A iso responden as medidas incluídas neste real decreto lei, cuxo obxectivo é reducir un cinco por cento da masa salarial, en termos anuais.

Esta redución, que opera tanto sobre as retribucións básicas como sobre as de carácter complementario, é de obrigada aplicación a todas as administracións, o que suporá un importante aforro para as comunidades autónomas e corporacións locais dado o importante peso que o emprego público ten nelas.

A normativa básica é transcendental para o logro dos obxectivos comúns de racionalización e eficacia dos gastos de persoal así como da súa redución mentres persistan as circunstancias económicas extraordinarias actuais, de maneira que esta normativa básica, nos termos redactados por este real decreto lei, debe estar orientada á súa consecución.

Non obstante, e coa finalidade de minimizar os seus efectos sobre os salarios máis baixos, as medidas de redución aplícanse con criterios de progresividade para o persoal funcionario, e dítanse normas específicas para o persoal laboral co fin de recoñecer a función da negociación colectiva e garantir á vez a eficacia da decisión de redución.

Neste sentido é necesario facer referencia ao Acordo Goberno-sindicatos para a función pública no marco do diálogo social 2010-2012, asinado o 25 de setembro de 2009, en que se adopta, entre outras medidas, un incremento salarial do 0,3% para o ano 2010 e unha cláusula de revisión salarial que tiña como obxectivo intentar responder ao principio do mantemento do poder adquisitivo do persoal ao servizo das administracións públicas no período de vixencia do acordo, tendo en conta a evolución orzamentaria do IPC, a previsión de crecemento económico, a capacidade de financiamento dos orzamentos xerais do Estado e a valoración do aumento da produtividade do emprego público derivada de accións ou programas específicos.

As medidas de contido económico do citado acordo vense directamente afectadas polo contexto de crise económica antes enunciado, no cal non se fai posible manter as medidas retributivas acordadas, debéndose arbitrar as accións que permitan con carácter urxente a redución do déficit público.

Por todo iso, o Consello de Ministros acordou a través deste real decreto lei, ao abeiro do disposto no artigo 38.10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do emprego público, suspender parcialmente a aplicación das cláusulas do acordo con contido retributivo.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 36.2 parágrafo segundo e no 38.10 da Lei do Estatuto básico do emprego público, reuniuse a Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas o día 20 de maio deste ano co fin de informar as organizacións sindicais tanto da suspensión do acordo do 25 de setembro nos termos manifestados, como das medidas e criterios que recolle este real decreto lei neste ámbito.

Por outra banda, dado o carácter de funcionarios públicos de notarios e rexistradores da propiedade e mercantís, este real decreto lei introduce unha rebaixa arancelaria xeral do 5% para os documentos de contía, e deixa sen cambios os honorarios fixos referidos aos documentos sen contía. Ao igual que noutras modificacións, optouse por aplicar a rebaixa sobre o importe dos dereitos arancelarios resultante de aplicar a táboa de honorarios en función da contía do documento, sen necesidade de modificar os reais decretos reguladores dos aranceis. Ademais, detállanse os datos informativos que deben figurar nas minutas, dada a relevancia da información sobre honorarios que é necesario ofrecer aos interesados.

III

Os perceptores de pensións tiveron en todo momento garantido mediante as correspondentes revalorizacións o seu poder adquisitivo. Este feito mostrouse con maior intensidade nos perceptores de pensións mínimas, dado que durante os últimos anos as súas pensións melloraron substancialmente as súas contías por enriba do índice de prezos de consumo.

É un feito especialmente destacable que durante o ano 2009 todas as pensións, e non só as mínimas, viron mellorado o seu poder adquisitivo, pois o aumento das súas contías foi superior á inflación producida, circunstancia que foi considerada ao habilitar as medidas que este real decreto lei establece.

Para lograr os obxectivos recollidos neste real decreto lei resulta necesario, entre outras medidas, suspender excepcionalmente a revalorización das pensións de carácter contributivo para o ano 2011. Non obstante, entendeuse como un exercicio de solidariedade nesta difícil situación económica excluír destas medidas as prestacións máis baixas, que

afectan as persoas máis desfavorecidas, como son aquelas pensións que están por debaixo da pensión mínima fixada para cada ano e que polas súas circunstancias económicas e familiares son perceptoras de complementos a mínimos, así como as pensións do SOVI non concurrentes e as pensións non contributivas.

Este real decreto lei elimina o réxime transitorio para a xubilación parcial previsto na Lei 40/2007. Con esta medida ponse termo á aplicación paulatina e gradual prevista en disposicións transitorias da Lei xeral da Seguridade Social en relación tanto co período mínimo de cotización exigido para o acceso á pensión de xubilación como cos diferentes requisitos exigidos para acceder á modalidade de xubilación parcial.

Por último, é importante destacar que as citadas medidas non afectan a contía dos haberes reguladores do réxime de clases pasivas do Estado regulados no título IV da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado, e que para aqueles empregados públicos encadrados no réxime de Seguridade Social se mantén unha base de cotización semellante na súa contía a aquela pola que se veu cotizando ata o mes de maio do ano en curso.

IV

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, establece no seu artigo 7 que a protección da situación de dependencia se prestará de acordo cos seguintes niveis de protección: un nivel mínimo de protección garantido pola Administración xeral do Estado, un nivel de protección acordado entre a Administración xeral do Estado e cada unha das comunidades autónomas e un nivel adicional que poden establecer, pola súa banda, as comunidades autónomas con cargo aos seus orzamentos.

Apartir do 1 de xuño de 2010, o prazo para resolver as solicitudes sobre o recoñecemento da situación de dependencia e a prestación que lle corresponda recibir á persoa beneficiaria será de seis meses contados desde a data da solicitude, independentemente de que a Administración competente tivese regulado un ou dous procedementos diferenciados.

En consecuencia, o dereito de acceso ás prestacións correspondentes xerarase a partir da resolución en que se recoñeza a concreta prestación que percibirá a persoa beneficiaria. Non obstante, o dereito a percibir a prestación económica de dependencia que, se é o caso, for recoñecida, xerarase desde o día seguinte ao do cumprimento do prazo máximo de seis meses indicado sen que se notificase resolución expresa de recoñecemento da prestación que lle corresponda percibir á persoa beneficiaria.

As contías que se deban en concepto de efectos retroactivos das prestacións económicas, independentemente da data da solicitude, poderán ser adiadas e o seu pagamento periodificado en pagamentos anuais de igual contía nun prazo máximo de 5 anos.

V

Para lograr os obxectivos de redución do déficit resulta necesario tamén deixar sen efecto a prestación por nacemento ou adopción de fillo aprobada pola Lei 35/2007, do 15 de novembro, pola que se establece a dedución por nacemento ou adopción no imposto sobre a renda das persoas físicas e a prestación económica de pagamento único da Seguridade Social por nacemento ou adopción.

Para tal efecto, e para os nacementos ou adopcións producidos a partir do 1 de xaneiro de 2011, por unha banda, modifícase a Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio para suprimir a citada dedución, e por outra, modifícase o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social aprobada polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, para suprimir a prestación económica de pagamento único por nacemento ou adopción de fillo da Seguridade Social. Do mesmo xeito, déixanse sen efecto outras medidas inicialmente introducidas pola citada Lei 35/2007 en relación con outras prestacións da Seguridade Social.

Por último, en prol do principio de seguridade xurídica derróganse, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2011, os artigos 1 ao 5 e as disposicións adicionais primeira e segunda

da Lei 35/2007, do 15 de novembro, pola que se establece a dedución por nacemento ou adopción no imposto sobre a renda das persoas físicas e a prestación económica de pagamento único da Seguridade Social por nacemento ou adopción, isto é, os artigos en que se regulaba a citada prestación por nacemento ou adopción.

VI

O Pleno do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, na súa sesión do día 18 de marzo de 2010, aprobou por unanimidade un acordo en que se establecía un conxunto de accións e medidas para promover a calidade, a equidade, a cohesión e a sostibilidade do Sistema Nacional de Saúde. Este mesmo acordo establecía medidas de racionalización do gasto farmacéutico a curto prazo.

En consecuencia, o Real decreto lei 4/2010, do 26 de marzo, de racionalización do gasto farmacéutico con cargo ao Sistema Nacional de Saúde, perseguía o obxectivo urxente de modificar o financiamento público dos medicamentos e produtos sanitarios previsto na Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, coa finalidade última de establecer medidas de racionalización e control do gasto sanitario que posibilitasen, no ámbito farmacéutico, unha redución inmediata do gasto que asegurase a necesaria sostibilidade do Sistema Nacional de Saúde, mantendo as premisas de universalidade e alta calidade nas súas prestacións.

Neste sentido, modificábase a Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, entre outras cousas, para facilitar a aplicación do sistema de prezos de referencia recollido no artigo 93 e permitir o establecemento de medidas que facultasen a redución do gasto farmacéutico con cargo ao Sistema Nacional de Saúde, ao tempo que, con carácter de mínimos imprescindibles, se acordaba a redución do prezo dos medicamentos xenéricos.

Este real decreto lei aborda o establecemento de medidas complementarias ás xa adoptadas no marco da prestación farmacéutica. Ao mesmo tempo, favorécese o mantemento da calidade das prestacións do Sistema Nacional de Saúde e o desenvolvemento das políticas e das estratexias de saúde acordadas no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde por parte das comunidades autónomas.

Mantendo o esforzo de austeridade no gasto farmacéutico establecido no Real decreto lei 4/2010, do 26 de marzo, son necesarios axustes adicionais que permitan a redución da factura farmacéutica pública a través de descontos nos medicamentos e revisión de prezos dos produtos sanitarios non afectados polo real decreto lei anterior, así como, no mesmo contexto de control de gasto, facilitar a adecuación do número de unidades dos envases dos medicamentos á duración estandarizada dos tratamentos e a dispensación de medicamentos en unidose.

VII

Co fin de garantir a contribución das entidades locais ao esforzo de consolidación fiscal que as medidas adoptadas neste real decreto lei perseguen, é necesario declarar a afectación dos aforros derivados da redución dos gastos de persoal ao saneamento de remanentes negativos, á redución do endebedamento ou, de ser o caso, ao financiamento de investimentos. Por outra banda, e con idéntica finalidade, adíase ata o exercicio 2012 a concertación de operacións de endebedamento a longo prazo.

Así mesmo, co obxectivo de mellorar o control da xestión económica financeira das citadas entidades e garantir a independencia funcional dos empregados públicos que desenvolven as ditas actividades, considérase necesario introducir modificacións no seu réxime de provisión.

VIII

As actuais circunstancias e a necesidade de se axustar á senda de redución do déficit, obrigan a un coñecemento previo por parte do Ministerio de Economía e Facenda e a un seguimento dos contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado, así como dos contratos de concesión de obra pública, regulados na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público. Estas modalidades contractuais poden representar

un considerable impacto a longo prazo sobre as contas públicas, ao comprometer contías significativas de gasto futuro e unha posible incidencia no déficit en termos de contabilidade nacional e no nivel de débeda. Por iso, establécese a necesidade de que emita un informe preceptivo o Ministerio de Economía e Facenda, cuxa finalidade é determinar as repercusións orzamentarias, compromisos financeiros e a súa incidencia no déficit.

O artigo 63 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, estableceu a necesidade de informe preceptivo e vinculante para a realización de préstamos e anticipos con cargo ao capítulo 8 dos orzamentos xerais do Estado, destinados a entidades do sector público, cuxo obxectivo era determinar o efecto que as condicións dos ditos préstamos e anticipos puidesen ter sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. Considérase oportuno estender a necesidade do informe preceptivo aos préstamos destinados a entidades privadas, debido á súa posible incidencia no obxectivo de estabilidade.

Por similares razóns ás citadas e polo seu posible impacto sobre o orzamento vixente, así como sobre as contas públicas futuras, considérase necesario informe previo favorable do Ministerio de Economía e Facenda para aprobar determinadas medidas polas cales se instrumenta a acción do sector público estatal no exterior.

As medidas expostas exixen a adopción dunha norma de rango legal. A necesidade da súa inmediata aplicación nalgúns casos, para garantir a súa eficacia na redución do gasto, e da súa concreción, coñecemento e seguridade noutros, de modo que se garanta a súa credibilidade e efecto inmediato nos movementos financeiros e nas actuacións relevantes para a estabilidade do euro, constitúen o feito habilitante de extraordinaria e urxente necesidade que a Constitución exixe no seu artigo 86 para a adopción dun real decreto lei.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta conxunta dos titulares dos ministerios de Economía e Facenda, de Traxectoria e Inmigración, de Presidencia, de Sanidade e Política Social e de Política Territorial, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de maio de 2010.

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Medidas en materia de emprego público

Artigo 1. *Modificación da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2010.*

Un.—Dáse unha nova redacción ao artigo 18 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2010, que queda redactado nos seguintes termos:

Artigo 18. *Autorización dos custos de persoal da Universidade Nacional de Educación a Distancia.*

Ao abeiro do disposto na disposición adicional primeira da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, autorízanse os custos de persoal docente (funcionario e contratado) e do persoal de administración e servizos (funcionario e laboral fixo) da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) para o ano 2010 e polos importes consignados a continuación, sen incluír trienios nin Seguridade Social:

	PXE 2010
Persoal docente (funcionario e contratado)	
Total 2010 (miles de euros)	55.818,54
Persoal non docente (funcionario e laboral fixo)	
Total 2010 (miles de euros)	27.516,63

Dous.—Dáse unha nova redacción ao número dous do artigo 22 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2010, que queda redactado nos seguintes termos:

Dous.—A) Desde o 1 de xaneiro de 2010 e ata o 31 de maio de 2010, as retribucións do persoal ao servizo do sector público, incluídas, se é o caso, as que en concepto de paga extraordinaria do mes de xuño correspondesen en aplicación do artigo 21, tres da Lei 42/2006, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2007, nos termos do recollido no número dous do artigo 22 da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2009, non poderán experimentar un incremento global superior ao 0,3 por cento con respecto ás do ano 2009, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade deste.

Nos termos do disposto no parágrafo anterior, a paga extraordinaria do mes de xuño de 2010 incluírá, ademais da contía do complemento de destino ou concepto equivalente mensual que corresponda e á cal non se aplicará a redución do 5 por cento, en termos anuais, establecida, con efectos do 1 de xuño de 2010, no número dous, B) deste artigo, as contías en concepto de soldo e trienios que se recollen no cadro seguinte ou, se é o caso, as que se sinalen nesta lei en función da carreira, corpo ou escala a que pertencen os empregados públicos:

Grupo / subgrupo Lei 7/2007	Soldo — Euros	Trienios — Euros
A1	1.161,30	44,65
A2	985,59	35,73
B	855,37	31,14
C1	734,71	26,84
C2	600,75	17,94
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (Lei 7/2007)	548,47	13,47

O indicado no parágrafo anterior respecto do complemento de destino mensual, ou concepto equivalente a incluír na paga extraordinaria do mes de xuño de 2010, será tamén aplicable aos demais conceptos retributivos que formen parte da paga extraordinaria ou que se aboan con motivo delas.

B) Con efectos do 1 de xuño de 2010, o conxunto das retribucións de todo o sector público a que se refire o número un deste artigo experimentará unha redución do cinco por cento, en termos anuais, respecto ás vixentes en 31 de maio de 2010. Esta redución aplicarase da forma seguinte:

1. As retribucións básicas do persoal ao servizo do sector público, excluída a correspondente á paga extraordinaria do mes de decembro a que se refire o número 3 deste punto, quedan fixadas nas contías recollidas no número cinco deste artigo.

2. Unha vez aplicada a redución das retribucións básicas nos termos indicados no punto anterior, sobre o resto das retribucións practícarase unha redución de modo que resulte, en termos anuais, unha minoración do 5 por cento do conxunto global das retribucións.

3. A paga extraordinaria do mes de decembro que corresponda en aplicación do artigo 21, tres da Lei 42/2006, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2007, nos termos do recollido no número dous do artigo 22 da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2009, incluírá, ademais da contía do complemento de destino ou concepto equivalente mensual que corresponda unha vez practicada a redución indicada no número 2 anterior, as contías en concepto de soldo e trienios que se recollen no cadro seguinte ou, se é

o caso, as que se sinalen nesta lei en función da carreira, corpo ou escala a que pertencen os correspondentes empregados públicos:

Grupo / subgrupo Lei 7/2007	Soldo – Euros	Trienios – Euros
A1	623,62	23,98
A2	662,32	24,02
B	708,25	25,79
C1	608,34	22,23
C2	592,95	17,71
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (Lei 7/2007)	548,47	13,47

O resto dos complementos retributivos que integren a paga extraordinaria ou se aboén con motivo desta terán a contía que corresponda por aplicación do disposto neste punto.

4. A masa salarial do persoal laboral do sector público definido no número un deste artigo experimentará a redución consecuencia da aplicación a este persoal, con efectos do 1 de xuño de 2010, dunha minoración do 5 por cento das contías de cada un dos conceptos retributivos que integran a nómina e que lles corresponda percibir segundo os convenios colectivos que resulten de aplicación, con excepción do que se refire á paga extraordinaria do mes de xuño de 2010, á cal non se aplicará a redución prevista neste punto.

No suposto en que en 1 de xuño de 2010 non finalizase a negociación colectiva para aplicar o incremento retributivo establecido no artigo 22, dous, A) desta lei, a minoración do 5 por cento sobre os conceptos retributivos a que se refire o parágrafo anterior aplicarase sobre as actualizadas en 1 de xaneiro de 2010, de acordo cos incrementos previstos nas correspondentes leis de orzamentos.

Sen prexuízo da aplicación directa e individual na nómina do mes de xuño de 2010 da redución a que se refiren os parágrafos anteriores, a distribución definitiva desta poderase alterar nos seus ámbitos correspondentes mediante a negociación colectiva sen que, en ningún caso, diso poida derivar un incremento da masa salarial como consecuencia da aplicación das medidas recollidas nos puntos anteriores.

A redución establecida no parágrafo primeiro deste número 4 será de aplicación ao persoal laboral de alta dirección e ao non acollido a convenio colectivo que non teña a consideración de alto cargo.

Non obstante o disposto nos parágrafos anteriores, a dita redución non será de aplicación ao persoal laboral cuxas retribucións por xornada completa non alcancen 1,5 veces o salario mínimo interprofesional fixado polo Real decreto 2030/2009, do 30 de decembro.

Tres. Modifícase o número cinco do artigo 22 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2010, co seguinte teor literal:

A) As retribucións que percibirán desde o 1 de xaneiro de 2010 e ata o 31 de maio de 2010 os funcionarios a que resulta de aplicación o artigo 76 do Estatuto básico do empregado público incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos da disposición derradeira cuarta do citado estatuto básico, en concepto de soldo e trienios que correspondan ao grupo ou subgrupo en que estea clasificado o corpo ou escala a que pertenza o funcionario, referidas a doce mensualidades, serán as seguintes:

Grupo / subgrupo Lei 7/2007	Soldo – Euros	Trienios – Euros
A1	13.935,60	535,80
A2	11.827,08	428,76
B	10.264,44	373,68
C1	8.816,52	322,08
C2	7.209,00	215,28
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (Lei 7/2007)	6.581,64	161,64

B) As retribucións que percibirán con efectos do 1 de xuño de 2010, excluídas as que se perciban en concepto de pagas extraordinarias que se fixan no número dous deste artigo, os funcionarios a que resulta de aplicación o artigo 76 do Estatuto básico do empregado público incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos da disposición derradeira cuarta do citado estatuto básico, en concepto de soldo e trienios que correspondan ao grupo ou subgrupo en que estea clasificado o corpo ou escala a que pertenza o funcionario, referidas a doce mensualidades, serán as seguintes:

Grupo / subgrupo Lei 7/2007	Soldo – Euros	Trienios – Euros
A1	13.308,60	511,80
A2	11.507,76	417,24
B	10.059,24	366,24
C1	8.640,24	315,72
C2	7.191,00	214,80
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (Lei 7/2007)	6.581,64	161,64

Catro. Modifícanse todos os artigos, salvo o 27, do capítulo II do título III, Dos réximes retributivos, que queda redactado nos seguintes termos:

Artigo 24. *Persoal do sector público estatal sometido a réxime administrativo e estatutario.*

Un. A) Con efectos do 1 de xaneiro de 2010 e ata o 31 de maio de 2010, as contías dos compoñentes das retribucións do persoal do sector público estatal sometido a réxime administrativo e estatutario, sen prexuízo do que se establece nos artigos seguintes en relación con determinados cargos, postos e colectivos, serán as derivadas da aplicación das seguintes normas:

a) As retribucións básicas do dito persoal, así como as complementarias de carácter fixo e periódico asignadas aos postos de traballo que desempeñe, experimentarán un crecemento do 0,3 por cento respecto das establecidas para o exercicio de 2009, sen prexuízo da adecuación das retribucións complementarias cando sexa necesaria para asegurar que as asignadas a cada posto de traballo garden a relación procedente co contido de especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, perigosidade ou penosidade do posto.

A paga extraordinaria que percibirá no mes de xuño o persoal incluído no ámbito de aplicación deste artigo será, de conformidade co indicado no artigo 22, dous, A) desta lei, e de acordo coas contías que nel se recollen, dunha mensuralidade do soldo, trienios, de ser o caso, e do complemento de destino ou concepto ou contía

equivalente en función do réxime retributivo dos colectivos a que este artigo resulte de aplicación.

b) O conxunto das restantes retribucións complementarias terá, así mesmo, un crecemento do 0,3 por cento respecto das establecidas para o exercicio de 2009, sen prexuízo das modificacións que deriven da variación do número de efectivos asignados a cada programa, do grao de consecución dos obxectivos fixados para este e do resultado individual da súa aplicación.

c) Os complementos persoais e transitorios e demais retribucións que teñan análogo carácter, así como as indemnizacións por razón do servizo, rexeranse pola súa normativa específica e polo disposto nesta lei, sen que lles sexa de aplicación o aumento do 0,3 por cento previsto nela.

B) Con efectos do 1 de xuño de 2010 as contías dos compoñentes das retribucións do persoal do sector público estatal sometido a réxime administrativo e estatutario, sen prexuízo do que se establece nos artigos seguintes en relación con determinados cargos, postos e colectivos, serán as derivadas da aplicación das seguintes normas:

a) As retribucións básicas do dito persoal, así como as complementarias de carácter fixo e periódico asignadas aos postos de traballo que desempeñe, rexeranse, respecto das vixentes en 31 de maio de 2010, polo disposto no artigo 22, dous, B) e 22, cinco, B) desta lei, sen prexuízo da adecuación das retribucións complementarias cando sexa necesaria para asegurar que as asignadas a cada posto de traballo garden a relación procedente co contido de especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, perigosidade ou penosidade deste.

A paga extraordinaria do mes de xuño rexerase polo disposto no número un, A) deste artigo.

A paga extraordinaria do mes de decembro de 2010 do persoal incluído no ámbito de aplicación deste artigo rexerase polo disposto no artigo 22, dous, B), 3 desta lei.

b) O conxunto das restantes retribucións complementarias terá unha redución do 5 por cento, en termos anuais, respecto das vixentes en 31 de maio de 2010, sen prexuízo das modificacións que deriven da variación do número de efectivos asignados a cada programa, do grao de consecución dos obxectivos fixados para este e do resultado individual da súa aplicación.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, as retribucións complementarias do grupo E: agrupacións profesionais Lei 7/2007, terán unha redución con carácter persoal do 1 por cento.

c) Os complementos persoais e transitorios e demais retribucións que teñan análogo carácter, así como as indemnizacións por razón do servizo, rexeranse pola súa normativa específica e polo disposto nesta lei, sen que lles sexa de aplicación a redución do 5 por cento previsto nela.

Dous. Para o ano 2010, as contías da contribución individual ao plan de pensións da Administración xeral do Estado correspondente ao persoal funcionario serán as seguintes por grupos e/ou subgrupos de titulación:

Grupo/Subgrupo	Contía por soldo – Euros
A1	97,08
A2	82,39
B	71,51
C1	61,42
C2	50,22
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (Lei 7/2007)	45,85

A contía da contribución individual correspondente aos trienios de persoal funcionario para o ano 2010 será de 4,44 euros por trienio.

Tres. O previsto nesta lei aplicarase, así mesmo, ás retribucións fixadas en euros que corresponderían en territorio nacional aos funcionarios destinados no estranxeiro, sen prexuízo da sucesiva aplicación dos módulos que procedan en virtude da normativa vixente.

Catro. A) Con efectos do 1 de xaneiro ao 31 de maio de 2010 as retribucións básicas do persoal funcionario que presta servizos na sociedade estatal Correos e Telégrafos, Sociedade Anónima, experimentarán un crecemento do 0,3 por cento respecto das establecidas para o exercicio de 2009, séndolles de aplicación a este colectivo o disposto no segundo parágrafo do número un, A), letra a) deste artigo.

As retribucións complementarias destes funcionarios experimentarán, no seu conxunto, un incremento do 0,3 por cento respecto das establecidas para o exercicio de 2009, sen prexuízo das adecuacións que resulten necesarias para adaptalas aos requirimentos e contidos específicos dos postos de traballo da sociedade estatal e do grao de consecución dos seus obxectivos.

B) Con efectos do 1 de xuño de 2010 as retribucións básicas do persoal funcionario que presta servizos na sociedade estatal Correos e Telégrafos, Sociedade Anónima, experimentarán unha redución idéntica á do persoal funcionario de acordo co establecido no artigo 22, números dous, B) e cinco, B) desta lei respecto das establecidas en 31 de maio de 2010, séndolles de aplicación a este colectivo o disposto no segundo parágrafo do número un, B), letra a) deste artigo.

As retribucións complementarias destes funcionarios experimentarán, no seu conxunto, unha redución do 5 por cento, en termos anuais, respecto das vixentes en 31 de maio de 2010, sen prexuízo das adecuacións que resulten necesarias para adaptalas aos requirimentos e contidos específicos dos postos de traballo da Sociedade estatal e do grao de consecución dos seus obxectivos.

Cinco. O disposto nos números anteriores débese entender en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade deste.

Artigo 25. *Persoal laboral do sector público estatal.*

Un. Para os efectos desta lei enténdese por masa salarial o conxunto das retribucións salariais e extrasalarais e os gastos de acción social devengados durante 2009 polo persoal laboral do sector público estatal, co límite das contías sobre as que emitiu informe favorable o Ministerio de Economía e Facenda para o dito exercicio orzamentario, exceptuándose, en todo caso:

- As prestacións e indemnizacións da Seguridade Social.
- As cotizacións ao sistema da Seguridade Social a cargo do empregador.

c) As indemnizacións correspondentes a traslados, suspensións ou despedimentos.

d) As indemnizacións ou suplidos por gastos que realizase o traballador.

Dous. A) Con efectos do 1 de xaneiro e ata o 31 de maio de 2010 a masa salarial do persoal laboral do sector público estatal non poderá experimentar un crecemento global superior ao 0,3 por cento respecto da establecida para o exercicio de 2009, comprendido na dita porcentaxe o de todos os conceptos, sen prexuízo do disposto no número tres do artigo 22 desta lei, e do que puidese derivar da consecución dos obxectivos asignados a cada departamento ministerial ou organismo público mediante o incremento da produtividade ou modificación dos sistemas de organización do traballo ou clasificación profesional.

B) Con efectos do 1 de xuño de 2010 a masa salarial do persoal laboral do sector público estatal, tendo en conta o disposto no artigo 22, dous, B) desta lei experimentará a redución consecuencia da aplicación a este da minoración, con efectos do 1 de xuño de 2010, nun 5 por cento das contías de cada un dos conceptos retributivos que integran a nómina e que lles corresponda percibir e de acordo co disposto no artigo 22, dous, B), punto 4 desta lei, comprendido na dita porcentaxe o de todos os conceptos salariais, e sen prexuízo do disposto no parágrafo terceiro do número 4 do punto dous, B) do artigo 22 desta lei con carácter xeral e, en especial, do relativo á paga extraordinaria do mes de xuño de 2010, e do que poida derivar da consecución dos obxectivos asignados a cada departamento ministerial ou organismo público mediante o incremento da produtividade ou modificación dos sistemas de organización do traballo ou clasificación profesional.

Idéntica redución terán, con efectos do 1 de xuño de 2010, as contías dos conceptos retributivos percibidos polo persoal laboral de alta dirección, o non acollido a convenio colectivo que non teña a consideración de alto cargo e o resto do persoal directivo.

Tres. As variacións da masa salarial bruta calcularanse en termos de homoxeneidade para os dous períodos obxecto de comparación, tanto no que respecta aos efectivos de persoal e antigüidade deste, coma ao réxime privativo de traballo, xornada, horas extraordinarias efectuadas e outras condicións laborais, computándose por separado as cantidades que correspondan ás variacións en tales conceptos.

O previsto nos puntos anteriores representa o límite máximo da masa salarial, cuxa distribución e aplicación individual se producirá a través da negociación colectiva. A autorización da masa salarial será requisito previo para o comezo das negociacións de convenios ou acordos colectivos que se celebren no ano 2010, e con cargo a ela deberanse satisfacer a totalidade das retribucións do persoal laboral derivadas do correspondente acordo e todas as que se devenguen ao longo do expresado ano.

Catro. Con carácter previo ao inicio da negociación colectiva a que se refiren os puntos anteriores, o Ministerio de Economía e Facenda autorizará a masa salarial dos departamentos, organismos, axencias estatais, entidades públicas empresariais, demais entes públicos e sociedades mercantís públicas que perciban achegas de calquera natureza con cargo ao orzamento xeral do Estado ou con cargo aos orzamentos dos entes ou sociedades que pertencen ao sector público estatal destinados a cubrir déficit de explotación.

No caso das sociedades mercantís a que se refire o parágrafo anterior, a masa salarial, unha vez autorizada, será remitida á Comisión de Seguimento da Negociación Colectiva das Empresas Públicas presidida polo secretario de Estado de Economía.

A masa salarial autorizada terase en conta para determinar, en termos de homoxeneidade, os créditos correspondentes ás retribucións do persoal laboral afectado.

Cinco. Para o ano 2010 as contías da contribución individual ao plan de pensións da Administración xeral do Estado correspondente ao persoal laboral a que se refire este artigo serán as establecidas para o persoal funcionario. Para o persoal laboral acollido ao Convenio único para o persoal laboral da Administración xeral do Estado as contías axustaranse á seguinte equivalencia:

Grupo/subgrupo	Grupo profesional persoal laboral
A1	1
A2	2
C1	3
C2	4
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (Lei 7/2007)	5

Para o persoal laboral non acollido ao Convenio único a equivalencia efectuarase de acordo co nivel de titulación exixido no seu convenio colectivo ou contrato laboral, en consonancia coa establecida para o acceso aos grupos de titulación do persoal funcionario.

A contía da contribución individual correspondente aos trienios de persoal laboral para o ano 2010 será de 4,44 euros por trienio.

Seis. Cando se trate de persoal non suxeito a convenio colectivo, cuxas retribucións veñan determinadas en todo ou en parte mediante contrato individual, deberánselle comunicar ao Ministerio de Economía e Facenda as retribucións satisfeitas e devengadas durante 2009, sendo de aplicación a este, con efectos do 1 de xuño de 2010, o disposto no artigo 22, dous, letra B), punto 4 desta lei.

Sete. As indemnizacións ou suplidos do persoal laboral, que se rexerán pola súa normativa específica, non poderán experimentar crecementos superiores aos que se establezan con carácter xeral para o persoal non laboral da Administración xeral do Estado.

Artigo 26. *Retribucións dos altos cargos do Goberno da Nación, dos seus órganos consultivos, da Administración xeral do Estado e doutro persoal directivo.*

Un. A) Desde o 1 de xaneiro de 2010 e ata o 31 de maio de 2010 continúan vixentes as retribucións dos altos cargos do Goberno da Nación e dos seus órganos consultivos nos mesmos termos e contías establecidas no artigo 26, un da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008.

B) Con efectos do 1 de xuño de 2010 as retribucións dos altos cargos do Goberno da Nación reduciranse nun 15 por cento en termos anuais, e as correspondentes aos presidentes dos seus órganos consultivos nun 10 por cento en termos anuais, quedando fixadas nas seguintes contías, sen dereito a pagas extraordinarias e referidas a doce mensualidades, sen prexuízo da percepción de catorce mensualidades da retribución por antigüidade que lles poida corresponder de acordo coa normativa vixente e manténdose vixentes o resto dos aspectos contidos no artigo 26, un da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008:

	Euros
Presidente do Goberno	78.185,04
Vicepresidente do Goberno	73.486,32
Ministro do Goberno	68.981,88
Presidente do Consello de Estado	77.808,24
Presidente do Consello Económico e Social	85.004,21

Dous. A) Con efectos do 1 de xaneiro de 2010 ao 31 de maio de 2010 continúan vixentes as retribucións dos secretarios de Estado, subsecretarios, directores xerais e asimilados nos mesmos termos e contías establecidos no artigo 26, dous da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008 e, especialmente, no que se refire á paga extraordinaria do mes de xuño deste ano.

Os ditos altos cargos percibirán o complemento de produtividade que, de ser o caso, e de acordo co previsto no artigo 28, un, A), letra e) desta lei, lles asigne o titular do departamento, dentro dos créditos asignados para tal fin, créditos que non experimentarán incremento en relación cos correspondentes a 2008, en termos homoxéneos de número e tipo de altos cargos, e sen prexuízo de que as cantidades individuais asignadas poidan ser diferentes de acordo co previsto na normativa reguladora deste complemento.

B) Con efectos do 1 de xuño de 2010, a contía das retribucións dos secretarios de Estado e asimilados reducirase nun 10 por cento en termos anuais, a dos subsecretarios e asimilados nun 9 por cento en termos anuais e a dos directores xerais e asimilados nun 8 por cento en termos anuais, para cuxo efecto se fixan as seguintes contías de soldo e complemento de destino, referidas a doce mensualidades, e complemento específico anual que se devengará de acordo co establecido no artigo 26, dous da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008.

	Secretario de Estado e asimilados euros	Subsecretario e asimilados euros	Director xeral e asimilados euros
Soldo	12.990,72	13.054,68	13.117,44
Complemento de destino	21.115,92	17.080,44	13.814,76
Complemento específico	32.948,67	29.316,27	23.900,13

A paga extraordinaria que corresponda no mes de decembro incluírá, ademais da contía do complemento de destino que se perciba de acordo co disposto no parágrafo anterior, a contía en concepto de soldo e trienios que se recolle no cadro seguinte:

	Secretario de Estado e asimilados – Euros	Subsecretario e asimilados – Euros	Director xeral e asimilados – Euros
Soldo	594,69	648,83	702,87
Contía de complemento de destino mensual en cada paga extraordinaria	1.759,66	1.423,37	1.151,23

A paga extraordinaria do mes de xuño de 2010 rexeráse polo disposto no número dous, A) deste artigo.

Mantéñense vixentes os restantes aspectos do seu réxime retributivo nos termos do artigo 26, dous da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008.

Os ditos altos cargos percibirán o complemento de produtividade que, de ser o caso, e de acordo co previsto no artigo 28, un, B), letra e) desta lei, lles asigne a estes o titular do departamento, dentro dos créditos asignados para tal fin, créditos que experimentarán unha diminución do 10, do 9 e do 8 por cento, respectivamente, en termos anuais en función do tipo de alto cargo en relación cos asignados en 2008, e en termos homoxéneos de número e tipo de altos cargos, e sen prexuízo de que as cantidades individuais asignadas poidan ser diferentes de acordo co previsto na normativa reguladora deste complemento.

Tres. A) As retribucións dos presidentes das axencias estatais e dos presidentes e vicepresidentes das entidades públicas empresariais e demais entes públicos e, de ser o caso, as dos directores xerais e directores dos citados organismos, cando lles corresponda o exercicio de funcións executivas de máximo nivel, con efectos do 1 de xaneiro de 2010 ao 31 de maio de 2010, seguirán sendo as autorizadas en 31 de decembro de 2009 pola ministra de Economía e Facenda.

No caso de que o seu réxime retributivo lles recoñeza o dereito a pagas extraordinarias, a correspondente ao mes de xuño de 2010 aboarase de acordo coas contías sinaladas no parágrafo anterior.

B) Con efectos do 1 de xuño de 2010, a contía das retribucións dos presidentes das axencias estatais e dos presidentes e vicepresidentes das entidades públicas empresariais e demais entes públicos e, se é o caso, as dos directores xerais e directores dos citados organismos, cando lles corresponda o exercicio de funcións executivas de máximo nivel, reduciranse nun 10, nun 9 ou nun 8 por cento en termos anuais en función do rango que lles corresponda de acordo co establecido nas súas normas reguladoras e de conformidade cos criterios indicados ao respecto nos puntos anteriores para os cargos do mesmo ou equivalente rango.

No caso de que o seu réxime retributivo lles recoñeza o dereito a pagas extraordinarias, a correspondente ao mes de xuño de 2010 rexeráse polo disposto no número tres, A) deste mesmo artigo.

Catro. A fixación inicial das retribucións do persoal directivo das fundacións do sector público estatal e dos consorcios participados maioritariamente pola Administración xeral do Estado e os seus organismos, cando lles corresponda o exercicio de funcións executivas de máximo nivel, corresponderalle á ministra de Economía e Facenda. Con efectos do 1 de xuño de 2010 a este persoal aplicaráselle idéntica redución que a indicada no número tres, B) deste artigo, aplicándose idénticas prescricións en relación coas pagas extraordinarias.

Cinco. As retribucións dos cargos a que se refiren os números tres e catro deste artigo que se deban autorizar por primeira vez en 2010, serano pola ministra de Economía e Facenda por proposta do titular do departamento a que se encontren adscritos con respecto ao criterio sinalado nos ditos puntos.

Seis. Sen prexuízo do disposto nos puntos anteriores percibirase, en catorce mensualidades, a retribución por antigüidade que puider corresponder de acordo coa normativa vixente. Así mesmo, manterán a categoría e rango que lles corresponda de conformidade coa normativa vixente.

Sete. A) 1. Con efectos do 1 de xaneiro de 2010 ao 31 de maio de 2010 continúan vixentes as retribucións dos conselleiros permanentes e do secretario xeral do Consello de Estado nos mesmos termos e contías establecidas no artigo 26, catro, 1 da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008, en especial o que se refire á paga extraordinaria do mes de xuño e sen prexuízo da que lles puidese corresponder polo concepto de antigüidade.

2. Dentro dos créditos establecidos para o efecto, o presidente do Consello de Estado poderá asignar complemento de produtividade aos conselleiros permanentes e ao secretario xeral deste, de acordo co previsto no artigo 28, un, A), letra e) desta lei, créditos que non experimentarán incremento en relación cos asignados en 2008, en termos homoxéneos de número e tipo de cargos a que fai referencia este artigo 26, sete.

B) Con efectos do 1 de xuño de 2010 a contía das retribucións dos conselleiros permanentes e do secretario xeral do Consello de Estado experimentarán unha redución, de acordo co que se establece no cadro seguinte, do 9 por cento en termos anuais, sen prexuízo da que lles puider corresponder polo concepto de antigüidade e manténdose vixentes o resto dos aspectos establecidos no artigo 26, catro, 1 da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008:

	Euros
Soldo (a percibir en 12 mensualidades)	13.054,68
Complemento de destino (a percibir en 12 mensualidades) ..	22.817,28
Complemento específico	35.521,60

O complemento específico anual percibirase nos mesmos termos que se establecen no artigo 26, catro, 1 da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008.

A paga extraordinaria que corresponda no mes de decembro incluírá, ademais da contía do complemento de destino que se perciba de acordo co disposto no primeiro parágrafo desta letra, a contía en concepto de soldo e trienios que se recolle no cadro seguinte:

	Euros
Soldo	648,83
Complemento de destino	1.901,44

A paga extraordinaria do mes de xuño de 2010 rexerase polo disposto no número sete, A) deste artigo.

2. Dentro dos créditos establecidos para o efecto, o presidente do Consello de Estado poderá asignar complemento de produtividade aos conselleiros permanentes e secretario xeral deste, de acordo co previsto no artigo 28, un, B), letra e) desta lei, créditos que experimentarán, a partir do 1 de xuño de 2010, unha redución do 9 por cento en termos anuais en relación cos asignados en 2008, en termos homoxéneos de número e tipo de cargos a que fai referencia este artigo 26, sete.

C) Ademais das cantidades derivadas do disposto nas letras A e B anteriores deste número sete, os ditos altos cargos percibirán, se é o caso, as retribucións fixadas nos acordos aprobados polo propio órgano en materia de adecuación polo concepto de antigüidade e, se tivesen a condición previa de funcionarios públicos, con independencia da súa situación de actividade, xubilación ou retiro como funcionarios, terán dereito a seguir perfeccionando os trienios recoñecidos baixo esta condición segundo a normativa en cada caso aplicable e a percibir, en catorce mensualidades, a diferenza resultante por este concepto cando a contía derivada da dita normativa for superior á aprobada nos referidos acordos.

Artigo 28. Retribucións dos funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

Un. A) Con efectos do 1 de xaneiro ao 31 de maio de 2010 e de conformidade co establecido nos artigos 22, números dous, A) e cinco, A) e 24, un, A) desta lei, as retribucións que percibirán os funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, que desempeñen postos de traballo para os que o Goberno aprobou a aplicación do réxime retributivo previsto na dita lei, sen prexuízo da aplicación do previsto no artigo 24, dous desta lei, serán as seguintes:

a) O soldo e os trienios que correspondan ao grupo ou subgrupo en que estea clasificado o corpo ou escala a que pertenza o funcionario, de acordo coas contías reflectidas no artigo 22, cinco, A) desta mesma lei, referidas a 12 mensualidades.

b) A paga extraordinaria do mes de xuño, que se devengará de acordo co previsto no artigo 33 da Lei 33/1987, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1988. A contía da dita paga será dunha mensalidade de soldo, trienios

e complemento de destino mensual que se perciba de acordo co establecido no artigo 22, dous, A).

Cando os funcionarios prestasen unha xornada de traballo reducida durante os seis meses inmediatos anteriores ao mes de xuño, o importe da paga extraordinaria experimentará a correspondente redución proporcional.

c) Con efectos do 1 de xaneiro de 2010 ata o 31 de maio de 2010 o complemento de destino correspondente ao nivel do posto de traballo que se desempeñe, de acordo coas seguintes contías referidas a doce mensualidades:

Nivel	Importe – Euros
30	12.236,76
29	10.975,92
28	10.514,52
27	10.052,76
26	8.819,28
25	7.824,84
24	7.363,20
23	6.901,92
22	6.440,04
21	5.979,12
20	5.554,08
19	5.270,52
18	4.986,72
17	4.703,04
16	4.420,08
15	4.136,04
14	3.852,72
13	3.568,68
12	3.285,00
11	3.001,44
10	2.718,12
9	2.576,40
8	2.434,20
7	2.292,60
6	2.150,76
5	2.008,92
4	1.796,28
3	1.584,24
2	1.371,36
1	1.158,84

No ámbito da docencia universitaria, a contía do complemento de destino fixada nas escalas anteriores poderá ser modificada, nos casos en que así proceda de acordo coa normativa vixente, sen que iso implique variación do nivel de complemento de destino asignado ao posto de traballo.

d) O complemento específico que, se é o caso, estea asignado ao posto que se desempeñe, cuxa contía anual, sen prexuízo do previsto no artigo 24, un, A), letra a), experimentará con carácter xeral un incremento do 0,3 por cento respecto da aprobada para o exercicio de 2009.

O complemento específico anual percibirase en catorce pagas iguais, das cales doce serán de percepción mensual e dúas adicionais. Á paga adicional do mes de xuño seralle de aplicación o disposto no último parágrafo do artigo 22, dous, A) desta lei.

e) O complemento de produtividade, que retribuirá o especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinarias e o interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo.

Cada departamento ministerial determinará, dentro do crédito total dispoñible, as contías parciais asignadas aos seus distintos ámbitos orgánicos, territoriais, funcionais ou de tipo de posto. Así mesmo, determinará os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade, de acordo coas seguintes normas:

1.^a A valoración da produtividade deberase realizar en función de circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e o desempeño deste e, de ser o caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

2.^a En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

f) As gratificacións por servizos extraordinarios, que concederán os departamentos ministeriais ou organismos públicos dentro dos créditos asignados para tal fin, que non experimentarán crecemento respecto aos asignados en 2009.

Estas gratificacións terán carácter excepcional e soamente poderán ser recoñecidas por servizos extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo sen que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, nin orixinar dereitos individuais en períodos sucesivos.

B) Con efectos do 1 de xuño de 2010 e de conformidade co establecido nos artigos 22, puntos dous, B) e cinco, B) e 24, un, B) desta lei, as retribucións que percibirán os funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, que desempeñen postos de traballo para os que o Goberno aprobou a aplicación do réxime retributivo previsto na dita lei, sen prexuízo da aplicación do previsto no artigo 24, dous desta lei, serán as seguintes:

a) O soldo e os trienios que correspondan ao grupo ou subgrupo en que estea clasificado o corpo ou escala a que pertenza o funcionario, de acordo coas contías reflectidas no artigo 22, cinco, B) desta mesma lei, referidas a 12 mensualidades.

b) A paga extraordinaria do mes de decembro, que se devengará de acordo co previsto no artigo 33 da Lei 33/1987, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1988. A contía da dita paga fíxase de acordo co establecido no artigo 22, dous, B) desta lei.

A paga extraordinaria do mes de xuño rexerese polo disposto no número un, A) deste artigo.

Cando os funcionarios prestasen unha xornada de traballo reducida durante os seis meses inmediatos anteriores ao mes de decembro, o importe da paga extraordinaria experimentará a correspondente redución proporcional.

c) Con efectos do 1 de xuño de 2010, o complemento de destino correspondente ao posto de traballo que se desempeñe, de acordo coas seguintes contías referidas a doce mensualidades:

Nivel	Importe – Euros
30	11.625,00
29	10.427,16
28	9.988,80
27	9.550,20
26	8.378,40
25	7.433,64
24	6.995,04
23	6.556,92
22	6.118,08
21	5.680,20
20	5.276,40
19	5.007,00
18	4.737,48
17	4.467,96
16	4.199,16
15	3.929,28
14	3.660,12
13	3.390,36
12	3.120,84
11	2.851,44
10	2.582,28
9	2.447,64
8	2.312,52
7	2.178,00
6	2.043,24
5	1.908,48
4	1.706,52
3	1.505,04
2	1.302,84
1	1.101,00

No ámbito da docencia universitaria, a contía do complemento de destino fixada nas escalas anteriores poderá ser modificada nos casos en que así proceda de acordo coa normativa vixente, sen que iso implique variación do nivel de complemento de destino asignado ao posto de traballo.

d) O complemento específico que, se é o caso, estea asignado ao posto que se desempeñe, cuxa contía anual, sen prexuízo do previsto no artigo 24, un, B), letra a), experimentará unha redución do 5 por cento respecto da vixente en 31 de maio de 2010.

O complemento específico anual percibirase en catorce pagas iguais das cales doce serán de percepción mensual e dúas adicionais. A paga adicional do mes de decembro será do mesmo importe mensual que o complemento específico mensual que corresponda neste período.

e) O complemento de produtividade, que retribuirá o especial rendemento, a actividade e a dedicación extraordinarias e o interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo.

Cada departamento ministerial determinará, dentro do crédito total dispoñible, que experimentará unha redución, con efectos do 1 de xuño de 2010 e en termos anuais, do 5 por cento respecto dos créditos autorizados para 2010, as contías parciais asignadas aos seus distintos ámbitos orgánicos, territoriais, funcionais ou de tipo de posto. Así mesmo, determinará os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade, de acordo coas seguintes normas:

1.^a A valoración da produtividade deberase realizar en función de circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño deste e, de ser o caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

2.^a En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

f) As gratificacións por servizos extraordinarios, que concederán os departamentos ministeriais ou organismos públicos dentro dos créditos asignados para tal fin, que experimentarán unha redución, con efectos do 1 de xuño de 2010 e en termos anuais, do 5 por cento respecto dos créditos autorizados para 2010.

Estas gratificacións terán carácter excepcional e soamente poderán ser recoñecidas por servizos extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo sen que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, nin orixinar dereitos individuais en períodos sucesivos.

Dous.— De acordo co previsto no artigo 24, un desta lei, o Ministerio de Economía e Facenda poderá modificar a contía dos créditos globais destinados a atender o complemento de produtividade, as gratificacións por servizos extraordinarios e outros incentivos ao rendemento, para adecualas ao número de efectivos asignados a cada programa e ao grao de consecución dos obxectivos fixados a el. Os departamentos ministeriais, pola súa vez, darán conta dos criterios de asignación e das contías individuais dos ditos incentivos aos ministerios de Economía e Facenda e da Presidencia, especificando os criterios de concesión aplicados.

Tres.— Os funcionarios interinos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, percibirán as retribucións básicas establecidas nesta lei, incluídos trienios, correspondentes ao grupo ou subgrupo en que estea incluído o corpo en que ocupen vacante, as retribucións complementarias que correspondan ao posto de traballo que desempeñen, excluídas as que estean vinculadas á condición de funcionario de carreira, sendo de aplicación a este colectivo o previsto no artigo 28 desta lei respecto á percepción do complemento específico.

Catro.— O persoal eventual regulado no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, percibirá as retribucións por soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo ou subgrupo de clasificación desta lei a que o Ministerio da Presidencia asimile as súas funcións, e as retribucións complementarias que correspondan ao posto de traballo, reservado a persoal eventual, que desempeñe, sendo de aplicación o previsto no artigo 28 desta lei respecto á percepción do complemento específico.

Os funcionarios de carreira que, en situación de activo ou de servizos especiais, ocupen postos de traballo reservados a persoal eventual percibirán as retribucións básicas correspondentes ao seu grupo ou subgrupo de clasificación, incluídos trienios, se é o caso, e as retribucións complementarias que correspondan ao posto de traballo que desempeñen, séndolles de aplicación o disposto en artigo 28, un desta lei respecto ás pagas extraordinarias.

Cinco.— O complemento de produtividade poderase asignar, se é o caso, aos funcionarios interinos e ao persoal eventual, así como aos funcionarios en prácticas, cando estas se realicen desempeñando un posto de traballo, sempre que estea

autorizada a súa aplicación aos funcionarios de carreira que desempeñen análogos postos de traballo, salvo que o dito complemento estea vinculado á condición de funcionario de carreira. Así mesmo, poderanse beneficiar das achegas a plans ou fondos de pensións nas mesmas condicións que os funcionarios de carreira.

Seis.—Os funcionarios en calquera situación administrativa en que, de acordo coa normativa vixente aplicable en cada caso, tivesen recoñecido o dereito á percepción de trienios percibirán, ademais, o importe da parte proporcional que polo dito concepto corresponda ás pagas extraordinarias.

Sete.—Cando o nomeamento de funcionarios en prácticas a que se refire o artigo 24.1 do regulamento aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, recaia en funcionarios de carreira doutro corpo ou escala de grupos e/ou subgrupos de titulación inferior a aquel en que se aspira a ingresar, durante o tempo correspondente ao período de prácticas ou ao curso selectivo, estes seguirán percibindo os trienios en cada momento perfeccionados, computándose o dito tempo, para os efectos de consolidación de trienios e de dereitos pasivos, como servido no novo corpo ou escala no caso de que, de xeito efectivo, se adquira a condición de funcionario de carreira nestes últimos.

Artigo 29. *Retribucións do persoal das Forzas Armadas.*

Un. A) As retribucións e outras remuneracións do persoal das Forzas Armadas cuxas retribucións básicas se veñan imputando ao artigo 10 da estrutura económica do gasto dos orzamentos xerais do Estado e dos seus organismos públicos, non experimentarán variación con efectos do 1 de xaneiro ao 31 de maio de 2010 respecto ás establecidas para o ano 2008, sen prexuízo da retribución por antigüidade que lles poida corresponder. Así mesmo, percibirán o complemento de dedicación especial que, se é o caso, atribúa a estes o titular do departamento, dentro dos créditos asignados para tal fin; estes créditos non terán incremento ningún respecto dos existentes no ano 2008, en termos homoxéneos de número e tipo de cargo.

B) Con efectos do 1 de xuño de 2010 as retribucións e outras remuneracións do persoal das Forzas Armadas cuxas retribucións básicas se veñan imputando ao artigo 10 da estrutura económica do gasto dos orzamentos xerais do Estado e dos seus organismos públicos, experimentarán unha redución, respecto ás establecidas para o ano 2008, do 10, do 9 ou do 8 cento, de acordo coas normas establecidas no artigo 26, dous, B) desta lei, en termos anuais, en función do rango que teñan asignado, sen prexuízo da retribución por antigüidade que lles poida corresponder. Así mesmo, percibirán o complemento de dedicación especial que, se é o caso, lles atribúa o titular do departamento, dentro dos créditos asignados para tal fin; estes créditos terán unha redución, en función do seu rango de acordo co disposto neste punto, do 10, do 9 ou do 8 por cento, en termos anuais, respecto dos existentes no ano 2008, en termos homoxéneos de número e tipo de cargo.

Dous. 1) De acordo co previsto no artigo 24, un, A) desta lei, as retribucións que percibirán no período do 1 de xaneiro ao 31 de maio de 2010 os militares profesionais recollidos na Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, non incluídos no punto anterior, serán as seguintes:

A) As retribucións básicas, excluídos trienios nos casos en que a normativa así o preveña, que correspondan ao grupo ou subgrupo de equivalencia en que estea clasificado o emprego correspondente, na contía establecida para os funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública nos termos da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e de acordo co establecido no artigo 22, cinco, A) desta lei.

A valoración e devengo dos trienios e da paga extraordinaria do mes de xuño efectuarase de acordo coa normativa específica aplicable a este persoal, así como de acordo co disposto no artigo 22, dous, A) desta lei e, supletoriamente, coa

normativa dos funcionarios incluídos no ámbito da referida lei, sendo igualmente de aplicación ao persoal en activo o disposto no artigo 24, un, A), letra a), segundo parágrafo desta lei en relación coas citadas pagas, polo que se incluírá nelas a contía do complemento de emprego mensual que perciba.

B) As retribucións complementarias de carácter xeral, o compoñente singular do complemento específico e o complemento por incorporación, se é o caso, que experimentarán un incremento do 0,3 por cento respecto das establecidas en 2009, sen prexuízo do previsto no artigo 24, un, A), letra a) desta lei.

C) O complemento de dedicación especial, incluído o concepto de «atención continuada» a que fai referencia o artigo 13.1 do Real decreto 1314/2005, do 4 de novembro, e a gratificación por servizos extraordinarios, cuxas contías serán determinadas polo Ministerio de Defensa dentro dos créditos que se asignen especificamente para estas finalidades.

O crédito correspondente a gratificacións extraordinarias non experimentará variación respecto do asignado en 2009, en termos de homoxeneidade co dito ano.

De acordo co previsto no artigo 24, un, A), letra b) desta lei e na regulación específica do réxime retributivo do persoal militar, a ministra de Economía e Facenda poderá modificar a contía dos créditos destinados a atender a dedicación especial e a gratificación por servizos extraordinarios, para adecuala ao número de efectivos asignados a cada programa e ao grao de consecución dos obxectivos fixados a este.

En ningún caso, as contías asignadas por complemento de dedicación especial ou por gratificación por servizos extraordinarios orixinarán dereitos individuais respecto de valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

D) O incentivo por anos de servizo, cuxas contías e requisitos, para a súa percepción, serán fixadas pola ministra de Defensa, logo de informe favorable da ministra de Economía e Facenda.

II) Con efectos do 1 de xuño de 2010 e de acordo co previsto no artigo 24, un, B) desta lei, as retribucións que percibirán os militares profesionais que figuran na Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, non incluídos no punto anterior, serán as seguintes:

A) As retribucións básicas, excluídos trienios nos casos en que a normativa así o prevexa, que correspondan ao grupo ou subgrupo de equivalencia en que estea clasificado o emprego correspondente, na contía establecida para os funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, nos termos da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público e de acordo co establecido no artigo 22, cinco, B) desta lei.

A valoración e devengo dos trienios e da paga extraordinaria do mes de decembro efectuaranse de acordo coa normativa específica aplicable a este persoal e, supletoriamente, coa normativa dos funcionarios incluídos no ámbito da referida lei, sendo igualmente de aplicación ao persoal en activo o disposto no artigo 24, un, B), letra a), segundo parágrafo desta lei en relación coa citada paga, polo que se incluírá nelas a contía do complemento de emprego mensual que perciba.

A paga extraordinaria do mes de xuño de 2010 rexerá polo disposto no número dous, I deste artigo.

B) As retribucións complementarias de carácter xeral, o compoñente singular do complemento específico e o complemento por incorporación, se é o caso, que experimentarán unha redución do 5 por cento, en termos anuais, respecto das establecidas en 31 de maio de 2010, sen prexuízo do previsto no artigo 24, un, B), letra a) desta lei.

C) O complemento de dedicación especial, incluído o concepto de «atención continuada» a que fai referencia o artigo 13.1 do Real decreto 1314/2005, do 4 de novembro, e a gratificación por servizos extraordinarios, cuxas contías serán

determinadas polo Ministerio de Defensa dentro dos créditos que se asignen especificamente para estas finalidades.

Os citados créditos experimentarán unha redución, con efectos do 1 de xuño de 2010, do 5 por cento en termos anuais ou respecto dos créditos autorizados para 2010 en termos de homoxeneidade co dito ano.

De acordo co previsto no artigo 24, un, B), letra b) desta lei e na regulación específica do réxime retributivo do persoal militar, a ministra de Economía e Facenda poderá modificar a contía dos créditos destinados a atender a dedicación especial e a gratificación por servizos extraordinarios, para adecuala ao número de efectivos asignados a cada programa e ao grao de consecución dos obxectivos fixados a este.

En ningún caso, as contías asignadas por complemento de dedicación especial ou por gratificación por servizos extraordinarios orixinarán dereitos individuais respecto de valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

D) O incentivo por anos de servizo, cuxas contías e requisitos, para a súa percepción, serán fixadas pola ministra de Defensa, logo de informe favorable da ministra de Economía e Facenda.

Tres. Cando o Ministerio de Defensa subscribise concertos coas universidades para a utilización das institucións sanitarias do departamento segundo as bases establecidas para o seu réxime no Real decreto 1652/1991, do 11 de outubro, o persoal militar médico e sanitario que ocupe postos de traballo nos ditos centros coa condición de prazas vinculadas percibirá en 2010, ademais das retribucións básicas que lle correspondan, en concepto de retribucións complementarias, os complementos de destino, específico e de produtividade nas contías establecidas en aplicación da base décimo terceira, oito, 4, 5 e 6.a) e b) do citado real decreto.

O dito persoal poderá percibir, así mesmo, a axuda para vestiario e as pensións de recompensas, o importe do complemento de dedicación especial en concepto de atención continuada, segundo o establecido, e en función do período, nos números I e II, letra C) do número anterior, así como as prestacións familiares a que fai referencia o artigo 13.1 do Regulamento de retribucións do persoal das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 1314/2005, do 4 de novembro, todo iso sen prexuízo do cumprimento do disposto en canto á nómina única pola universidade e aos mecanismos de compensación orzamentaria a que se refiren, respectivamente, o número sete da citada base décimo terceira e as bases establecidas para o efecto no correspondente concerto.

Catro. Os membros das Forzas Armadas que ocupen postos de traballo incluídos nas relacións de postos de traballo do Ministerio de Defensa ou dos seus organismos autónomos percibirán no ano 2010, e en función do período do ano, as retribucións básicas correspondentes ao seu emprego militar, de acordo co establecido no número dous deste artigo, e as complementarias asignadas ao posto que desempeñen, de acordo coas contías establecidas nesta lei para os funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, todo iso sen prexuízo de continuar percibindo as pensións e gratificacións que sexan consecuencia de recompensas militares, así como a axuda para vestiario na mesma contía e condicións que o resto do persoal das Forzas Armadas.

Cinco. Así mesmo, ao persoal a que se refire este artigo seralle de aplicación o previsto no artigo 24, dous, se é o caso, tendo en conta o establecido no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.

O disposto neste artigo débese entender sen prexuízo da regulación específica que para determinados conceptos e persoal das Forzas Armadas se establece na normativa vixente.

Artigo 30. *Retribucións do persoal do corpo da Garda Civil.*

Un. A) As retribucións e outras remuneracións do persoal do corpo da Garda Civil cuxas retribucións básicas se imputen ao artigo 10 da estrutura económica do gasto dos orzamentos xerais do Estado e dos seus organismos públicos, non experimentarán variación con efectos do 1 de xaneiro ao 31 de maio de 2010 respecto ás establecidas para o ano 2008, sen prexuízo da retribución por antigüidade que lles puiden corresponder. Así mesmo, percibirán o complemento de produtividade que, se é o caso, lles atribúa o titular do departamento, dentro dos créditos asignados para tal fin; estes créditos non terán ningún incremento respecto dos existentes no ano 2008, en termos homoxéneos de número e tipo de cargo.

B) Con efectos do 1 de xuño de 2010 as retribucións e outras remuneracións do persoal do corpo da Garda Civil cuxas retribucións básicas se imputen ao artigo 10 da estrutura económica do gasto dos orzamentos xerais do Estado e dos seus organismos públicos, experimentarán unha redución, en función do rango que teñan asignado, do 10, do 9 ou do 8 por cento de acordo coas normas establecidas no artigo 26, dous, B) desta lei, en termos anuais, respecto ás establecidas para o ano 2008, sen prexuízo da retribución por antigüidade que lles puiden corresponder. Así mesmo, percibirán o complemento de produtividade que, se é o caso, lles atribúa o titular do departamento, dentro dos créditos asignados para tal fin; estes créditos terán unha redución, en función do seu rango de acordo co disposto neste punto, do 10, do 9 ou do 8 por cento, en termos anuais, respecto dos existentes no ano 2008, en termos homoxéneos de número e tipo de cargo.

Dous. I) De acordo co disposto no artigo 24, un, A) desta lei, as retribucións que percibirá con efectos do 1 de xaneiro ao 31 de maio de 2010 o persoal do corpo da Garda Civil, non incluído no número un deste artigo, serán as seguintes:

a) As retribucións básicas que correspondan ao grupo ou subgrupo de equivalencia en que estea clasificado o emprego correspondente, na contía establecida para os funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público no artigo 22, cinco, A) desta lei.

A valoración e devengo dos trienios e da paga extraordinaria do mes de xuño efectuarase de acordo coa normativa aplicable a este persoal, de acordo co disposto no artigo 22, dous, A) desta lei e, supletoriamente, coa normativa dos funcionarios públicos incluídos no ámbito de aplicación da referida Lei 30/1984, sendo igualmente de aplicación para o persoal en servizo activo o disposto no segundo parágrafo do artigo 24, un, A), letra a) desta lei en relación coas citadas pagas extraordinarias, polo que se incluírá nelas a contía do complemento de destino mensual que se perciba.

b) As retribucións complementarias de carácter fixo e periódico, que experimentarán un incremento do 0,3 por cento respecto das establecidas en 2009, sen prexuízo, de ser o caso, do previsto no artigo 24, un, A), letra a) desta lei.

O complemento de produtividade e as gratificacións por servizos extraordinarios rexeranse polas normas establecidas para os funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación do artigo 28 desta lei, e determinará as súas contías o Ministerio do Interior dentro dos créditos que se asignen para estas finalidades. O crédito correspondente a gratificacións extraordinarias non experimentará crecemento respecto do asignado en 2009 en termos de homoxeneidade co dito ano.

II) Con efectos do 1 de xuño de 2010 e de acordo co disposto no artigo 24, un, B) desta lei, as retribucións que percibirá o persoal do corpo da Garda Civil non incluído no número un deste artigo serán as seguintes:

a) As retribucións básicas que correspondan ao grupo ou subgrupo de equivalencia en que estea clasificado o emprego correspondente, na contía

establecida para os funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público no artigo 22, cinco, B).

A valoración e devengo dos trienios e da paga extraordinaria do mes de decembro efectuarase de acordo coa normativa aplicable a este persoal, así como de acordo co disposto no artigo 22, dous, B) desta lei e, supletoriamente, coa normativa dos funcionarios públicos incluídos no ámbito de aplicación da referida Lei 30/1984, sendo igualmente de aplicación para o persoal en servizo activo o disposto no segundo parágrafo do artigo 24, un, B), letra a) desta lei en relación coas citadas pagas extraordinarias, polo que se incluírá nelas a contía do complemento de destino mensual que se perciba.

A paga extraordinaria do mes de xuño de 2010 rexerase polo disposto no número dous, I deste artigo.

b) As retribucións complementarias de carácter fixo e periódico, que experimentarán unha redución do 5 por cento, en termos anuais, respecto das establecidas en 31 de maio de 2010, sen prexuízo, se é o caso, do previsto no artigo 24, un, B), letra a) desta lei.

O complemento de produtividade e as gratificacións por servizos extraordinarios rexeranse polas normas establecidas para os funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación do artigo 28 desta lei e determinará as súas contías o Ministerio do Interior dentro dos créditos que se asignen para estas finalidades. Os citados créditos experimentarán unha redución, con efectos do 1 de xuño de 2010, do 5 por cento, en termos anuais, respecto dos créditos autorizados para 2010 en termos de homoxeneidade co dito ano.

Tres. Así mesmo, ao persoal a que se refire este artigo seralle de aplicación o previsto no artigo 24, dous, se é o caso, tendo en conta o establecido no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.

Artigo 31. *Retribucións do persoal do Corpo Nacional de Policía.*

Un. A) As retribucións e outras remuneracións do persoal do Corpo Nacional de Policía cuxas retribucións básicas se imputen ao artigo 10 da estrutura económica do gasto dos orzamentos xerais do Estado e dos seus organismos públicos non experimentarán variación no período entre o 1 de xaneiro e o 31 de maio de 2010 respecto ás establecidas para o ano 2008, sen prexuízo da retribución por antigüidade que lles puiden corresponder. Así mesmo, percibirán o complemento de produtividade que, se é o caso, lles atribúa o titular do departamento, dentro dos créditos asignados para tal fin; estes créditos non terán incremento ningún respecto dos existentes no ano 2008, en termos homoxéneos de número e tipo de cargo.

B) Con efectos do 1 de xuño de 2010 as retribucións e outras remuneracións do persoal do Corpo Nacional de Policía cuxas retribucións básicas se imputen ao artigo 10 da estrutura económica do gasto dos orzamentos xerais do Estado e dos seus organismos públicos experimentarán unha redución, respecto ás establecidas para o ano 2008, do 10, do 9 ou do 8 por cento de acordo coas normas establecidas no artigo 26, dous, B) desta lei, en termos anuais, en función do rango que teñan asignado, sen prexuízo da retribución por antigüidade que lles puiden corresponder. Así mesmo, percibirán o complemento de produtividade que, se é o caso, lles atribúa o titular do departamento, dentro dos créditos asignados para tal fin; estes créditos terán unha redución do 10, do 9 ou do 8 por cento, en termos anuais, en función do seu rango de acordo co disposto neste punto, respecto dos existentes no ano 2008, en termos homoxéneos de número e tipo de cargo.

Dous. I) De acordo co disposto no artigo 24, un, A) desta lei, as retribucións que percibirán con efectos do 1 de xaneiro ao 31 de maio de 2010 os funcionarios do Corpo Nacional de Policía non incluídos no punto anterior serán as seguintes:

a) As retribucións básicas que correspondan ao grupo ou subgrupo de equivalencia en que estea clasificada, para efectos económicos, a categoría correspondente, na contía establecida para os funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público no artigo 22, cinco, A) desta lei.

A valoración e devengo dos trienios e da paga extraordinaria do mes de xuño efectuarase de acordo coa normativa aplicable a este persoal e de acordo co disposto no artigo 22, dous, A) desta lei e, supletoriamente, coa normativa dos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da referida Lei 30/1984, sendo igualmente de aplicación para o persoal en servizo activo o disposto no segundo parágrafo do artigo 24, un, A), letra a) desta lei en relación coas citadas pagas extraordinarias, polo que se incluírá nelas a contía do complemento de destino mensual que se perciba.

b) As retribucións complementarias de carácter fixo e periódico, que experimentarán un incremento do 0,3 por cento respecto das establecidas en 2009, sen prexuízo, de ser o caso, do previsto no artigo 24, un, A), letra a) desta lei.

O complemento de produtividade e as gratificacións por servizos extraordinarios rexeranse polas normas establecidas para os funcionarios do Estado incluídos no artigo 28 desta lei e determinará as súas contías o Ministerio do Interior dentro dos créditos que se asignen para estas finalidades. O crédito correspondente a gratificacións extraordinarias non experimentará crecemento respecto do asignado en 2009 en termos de homoxeneidade co dito ano.

II) Con efectos do 1 de xuño de 2010 e de acordo co disposto no artigo 24, un, B) desta lei, as retribucións que percibirán os funcionarios do Corpo Nacional de Policía non incluídos no punto anterior serán as seguintes:

a) As retribucións básicas que correspondan ao grupo ou subgrupo de equivalencia en que estea clasificada, para efectos económicos, a categoría correspondente, na contía establecida para os funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público no artigo 22, cinco, B) desta lei.

A valoración e devengo dos trienios e da paga extraordinaria do mes de decembro efectuarase de acordo coa normativa aplicable a este persoal e co disposto no artigo 22, dous, B) desta lei e, supletoriamente, coa normativa dos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da referida Lei 30/1984, sendo igualmente de aplicación para o persoal en servizo activo o disposto no segundo parágrafo do artigo 24, un, B), letra a) desta lei en relación coas citadas pagas extraordinarias, polo que se incluírá nelas a contía do complemento de destino mensual que se perciba.

A paga extraordinaria do mes de xuño de 2010 rexerase polo disposto no número dous, I) deste artigo.

b) As retribucións complementarias de carácter fixo e periódico, que experimentarán unha redución do 5 por cento, en termos anuais, respecto das establecidas en 31 de maio de 2010, sen prexuízo, se é o caso, do previsto no artigo 24, un, B), letra a) desta lei.

O complemento de produtividade e as gratificacións por servizos extraordinarios rexeranse polas normas establecidas para os funcionarios do Estado incluídos no artigo 28 desta lei, e determinará as súas contías o Ministerio do Interior dentro dos créditos que se asignen para estas finalidades. Os citados créditos experimentarán unha redución, con efectos do 1 de xuño de 2010 e en termos anuais, do 5 por cento respecto dos créditos autorizados para 2010 en termos de homoxeneidade co dito ano.

Tres. Así mesmo, seralles de aplicación o previsto no artigo 24, dous, se é o caso, tendo en conta o establecido no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.

Artigo 32. *Retribucións dos membros das carreiras xudicial e fiscal, dos do corpo de secretarios xudiciais e do persoal ao servizo da Administración de xustiza.*

Un. I) De acordo co disposto no artigo 24, un, A) desta lei, as retribucións que percibirán con efectos do 1 de xaneiro ao 31 de maio de 2010 os membros das carreiras xudicial e fiscal serán as seguintes:

1. O soldo, a que se refiren os anexos I e IV, respectivamente, da Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal, queda establecido para o período entre o 1 de xaneiro e o 31 de maio de 2010, nas contías seguintes referidas a doce mensualidades:

	Euros
Carreira xudicial:	
Presidente da Audiencia Nacional (non maxistrado do Tribunal Supremo)	26.517,36
Presidente de sala da Audiencia Nacional (non maxistrado do Tribunal Supremo)	25.121,04
Presidente do tribunal superior de xustiza	25.599,60
Maxistrado	22.755,96
Xuíz	19.910,88
Carreira fiscal:	
Fiscal superior da comunidade autónoma	25.599,60
Fiscal	22.755,96
Avogado fiscal	19.910,88

2. A retribución por antigüidade ou trienios que, se é o caso, corresponda.

3. A paga extraordinaria do mes de xuño, que se devengará de acordo coa normativa aplicable aos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, será dunha mensuralidade do soldo de acordo coas contías sinaladas no número 1 anterior, antigüidade ou trienios, segundo o caso, e a contía que se sinala no anexo X desta lei para a dita paga.

4. As retribucións complementarias e as variables e especiais dos membros das carreiras xudicial e fiscal experimentarán un incremento do 0,3 por cento respecto das vixentes en 2009.

O crédito total destinado ás retribucións variables por obxectivos dos membros das carreiras xudicial e fiscal, sinaladas no capítulo III do título I e no título II da Lei 15/2003, non poderá exceder o 5 por cento da contía global das retribucións fixas que estivesen vixentes en 2009 dos membros das carreiras xudicial e fiscal, respectivamente.

5. Así mesmo, ao persoal a que se refire este punto seralle de aplicación o previsto no artigo 24, dous desta lei, conforme a titulación correspondente ás distintas carreiras.

6. O establecido neste punto enténdese sen prexuízo do previsto no artigo 9.2 da precitada Lei 15/2003.

II) Con efectos do 1 de xuño de 2010 e de acordo co disposto no artigo 24, un, B) desta lei, as retribucións que percibirán os membros das carreiras xudicial e fiscal serán as seguintes:

1. Con efectos do 1 de xuño de 2010, o soldo, a que se refiren os anexos I e IV, respectivamente, da Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo

das carreiras xudicial e fiscal, queda establecido nas contías seguintes referidas a doce mensualidades:

	Euros
Carreira xudicial:	
Presidente da Audiencia Nacional (non maxistrado do Tribunal Supremo)	23.937,24
Presidente de sala da Audiencia Nacional (non maxistrado do Tribunal Supremo) . .	22.676,88
Presidente do tribunal superior de xustiza	23.108,76
Maxistrado	20.541,84
Xuíz	17.973,60
Carreira fiscal:	
Fiscal superior da comunidade autónoma	23.108,76
Fiscal	20.541,84
Avogado fiscal	17.973,60

2. A retribución por antigüidade ou trienios que, se é o caso, corresponda.

3. A contía que corresponda por paga extraordinaria no mes de decembro incluírá, ademais do importe que se sinala no anexo X desta lei para a dita paga, a contía por soldo e antigüidade ou trienios, segundo o caso, que se recollen no cadro seguinte:

	Euros
Carreira xudicial:	
Presidente da Audiencia Nacional (non maxistrado do Tribunal Supremo)	1.994,77
Presidente de sala da Audiencia Nacional (non maxistrado do Tribunal Supremo) . .	1.889,74
Presidente do tribunal superior de xustiza	1.925,73
Maxistrado	1.711,82
Xuíz	1.497,80
Carreira fiscal:	
Fiscal superior da comunidade autónoma	1.925,73
Fiscal	1.711,82
Avogado fiscal	1.497,80

4. As retribucións especiais dos membros das carreiras xudicial e fiscal experimentarán unha redución do 5 por cento, en termos anuais, respecto das vixentes en 31 de maio de 2010.

As retribucións complementarias dos membros das carreiras xudicial e fiscal experimentarán unha redución do 6 por cento no caso de maxistrados e fiscais, e do 5 por cento no caso de xuíces e avogados fiscais en termos anuais respecto das vixentes en 31 de maio de 2010.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, o complemento de destino por circunstancias especiais asociadas ao destino previsto nos anexos II.3 e V.3 da Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal, non experimentarán redución respecto ás vixentes en 31 de maio de 2010.

O crédito total destinado ás retribucións variables por obxectivos dos membros das carreiras xudicial e fiscal sinaladas no capítulo III do título I e no título II da Lei 15/2003, non poderá exceder o 5 por cento da contía global das retribucións fixas, que estivesen vixentes en 2009, dos membros das carreiras xudicial e fiscal, respectivamente.

5. Así mesmo, ao persoal a que se refire este punto seralle de aplicación o previsto no artigo 24, dous desta lei, conforme a titulación correspondente ás distintas carreiras.

6. O establecido neste punto enténdese sen prexuízo do previsto no artigo 9.2 da precitada Lei 15/2003.

Dous. Os fiscais que, en desenvolvemento da Lei 24/2007, do 9 de outubro, pola que se modifica a Lei 50/1981, do 30 de decembro, reguladora do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, sexan nomeados fiscais xefes dunha fiscalía de área creada onde exista unha sección da audiencia provincial en sede distinta da capital de provincia, percibirán o complemento de destino polo criterio de grupo de poboación correspondente aos fiscais destinados na sede da fiscalía provincial e o complemento de destino en concepto de representación, o complemento específico e as pagas extraordinarias que corresponden ao tenente fiscal da fiscalía provincial.

Os restantes fiscais xefes dunha fiscalía de área percibirán o complemento específico correspondente ao tenente fiscal da fiscalía provincial.

Os fiscais xefes e tenentes fiscais da fiscalía provincial percibirán as retribucións complementarias e paga extraordinaria que correspondesen aos fiscais xefes e tenentes fiscais da audiencia provincial, respectivamente.

O tenente fiscal da Secretaría Técnica da Fiscalía Xeral do Estado percibirá as retribucións complementarias e paga extraordinaria que corresponden ao tenente fiscal inspector da Fiscalía Xeral do Estado.

Os fiscais adscritos a fiscais de sala da Fiscalía Xeral do Estado e os fiscais da Unidade de Apoio da Fiscalía Xeral do Estado percibirán en concepto de complemento específico o correspondente aos fiscais da Secretaría Técnica da Fiscalía Xeral do Estado.

Os fiscais decanos de seccións territoriais de fiscalía provincial percibirán, en concepto de complemento específico, o correspondente aos fiscais coordinadores.

Tres. A) De acordo co disposto no artigo 24, un, A) desta lei, as retribucións que percibirán con efectos do 1 de xaneiro ao 31 de maio de 2010 os membros do corpo de secretarios xudiciais e dos corpos ao servizo da Administración de xustiza serán as seguintes:

1. O soldo, de acordo co detalle que a continuación se reflicte, e a retribución por antigüidade ou trienios que, se é o caso, lles corresponda.

a) O soldo dos membros do corpo de secretarios xudiciais queda establecido para o período entre o 1 de xaneiro e o 31 de maio de 2010 nas contías seguintes, referidas a doce mensualidades:

	Euros
Secretarios xudiciais de primeira categoría	19.910,88
Secretarios xudiciais de segunda categoría.	18.488,52
Secretarios xudiciais de terceira categoría.	17.066,76

b) O soldo dos funcionarios dos corpos ao servizo da Administración de xustiza, a que se refire o libro VI da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, segundo a redacción dada pola Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, queda establecido para o período entre o 1 de xaneiro e o 31 de maio de 2010 nas contías seguintes, referidas a doce mensualidades:

	Euros
Médicos forenses e facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses	17.066,76
Xestión procesual e administrativa.	14.222,04
Tramitación procesual e administrativa	11.377,80
Auxilio xudicial	9.955,68
Técnicos especialistas do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses	14.222,04
Axudantes de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses	11.377,80

c) Os trienios perfeccionados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2004, nos corpos ao servizo da Administración de xustiza declarados a extinguir pola Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, quedan establecidos para o período entre o 1 de xaneiro e o 31 de maio de 2010 nas seguintes contías, referidas a doce mensualidades:

	Euros
Corpo de oficiais	569,28
Corpo de auxiliares	427,08
Corpo de axentes xudiciais	355,80
Corpo de técnicos especialistas	569,28
Corpo de auxiliares de laboratorio	427,08
Corpo de axentes de laboratorio a extinguir	355,80
Corpo de secretarios de xulgados de paz de municipios con máis de 7.000 habitantes a extinguir	640,44

Os trienios perfeccionados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1995 polo persoal encadrado nos corpos de médicos forenses e técnicos facultativos quedan establecidos para o período entre o 1 de xaneiro e o 31 de maio en 711,24 euros anuais, referidos a doce mensualidades.

2. A paga extraordinaria do mes de xuño, que se devengará de acordo coa normativa aplicable aos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, será dun importe dunha mensualidade do soldo, de acordo coas contías sinaladas no número anterior, antigüidade ou trienios, segundo o caso, e a contía complementaria que se reflicte no anexo XI desta lei para a dita paga.

3. a) O complemento xeral de posto para os postos adscritos aos funcionarios do corpo de secretarios xudiciais, cando de conformidade coa normativa vixente lles resulte de aplicación este concepto, queda establecido con efectos do 1 de xaneiro ao 31 de maio de 2010 nas contías seguintes, referidas a doce mensualidades:

	Euros
Postos de tipo I	16.955,16
Postos de tipo II	14.482,44
Postos de tipo III	13.827,48
Postos de tipo IV	13.722,96
Postos de tipo V	9.923,28

As restantes retribucións complementarias, variables e especiais dos funcionarios do parágrafo anterior, experimentarán con efectos do 1 de xaneiro ao 31 de maio de 2010 un incremento do 0,3 por cento respecto das vixentes en 2009, sen prexuízo do previsto no artigo 24, un, A), letra a) desta lei.

Para os restantes postos do corpo de secretarios xudiciais, as retribucións complementarias, variables e especiais establecidas no Real decreto 1130/2003, do 5 de setembro, experimentarán con efectos do 1 de xaneiro ao 31 de maio de 2010 un incremento do 0,3 por cento respecto das vixentes en 2009.

b) O complemento xeral de posto para os postos adscritos aos funcionarios dos corpos ao servizo da Administración de xustiza, a que se refire o número tres, A), 1.b) deste mesmo artigo, de conformidade co previsto no Real decreto 1033/2007, do 20 de xullo, queda establecido con efectos do 1 de xaneiro ao 31 de maio de 2010 nas contías seguintes, referidas a doce mensualidades:

	Tipo	Subtipo	Euros
Xestión procesual e administrativa e técnicos especialistas do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.	I	A	4.192,44
	I	B	5.008,08
	II	A	3.860,16
	II	B	4.675,80
	III	A	3.694,08
	III	B	4.509,72
Tramitación procesual e administrativa e axudantes de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.	IV	C	3.527,88
	IV	D	3.694,44
	I	A	3.638,88
	I	B	4.454,64
	II	A	3.306,72
	II	B	4.122,36
	III	A	3.140,52
	III	B	3.956,16
Auxilio xudicial.	IV	C	2.974,56
	I	A	2.858,40
	I	B	3.674,04
	II	A	2.526,00
	II	B	3.341,76
	III	A	2.359,92
	III	B	3.175,68
	IV	C	2.193,84
Médicos forenses e facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.	I		19.798,20
	II		19.542,72
	III		19.287,24
Escala a extinguir de xestión procesual e administrativa, procedentes do corpo de secretarios de xulgados de municipios de máis de 7.000 habitantes.			5.353,56

As restantes retribucións complementarias, variables e especiais dos funcionarios a que se refire o parágrafo anterior experimentarán con efectos do 1 de xaneiro ao 31 de maio de 2010 un incremento do 0,3 por cento respecto das aplicadas o 31 de decembro de 2009, sen prexuízo, se é o caso, do previsto no artigo 24, un, A), letra a) desta lei.

No caso en que aos funcionarios dos citados corpos, en virtude das previsións contidas na disposición transitoria única do Real decreto 1033/2007, lles sexa de aplicación o previsto no Real decreto 1714/2004, do 23 de xullo, as súas retribucións complementarias, variables e especiais experimentarán con efectos do 1 de xaneiro ao 31 de maio de 2010 un incremento do 0,3 por cento respecto das vixentes en 2009.

4. Nas retribucións complementarias a que se fai referencia nos puntos 3.a) e 3.b) anteriores, entenderanse incluídas as cantidades que, en cada caso, se recoñecen, en concepto de paga adicional complementaria no punto segundo do Acordo do Consello de Ministros do 8 de maio de 2009 publicado pola Orde 1230/2009, do 18 de maio, do Ministerio da Presidencia (BOE do 20 de maio de 2009).

Así mesmo, ao persoal a que se refire este número tres seralle de aplicación o previsto no artigo 24, dous desta lei, conforme a titulación correspondente aos distintos corpos.

B) De acordo co disposto no artigo 24, un, B) desta lei, as retribucións que percibirán con efectos do 1 de xuño de 2010 os membros do corpo de secretarios xudiciais e dos corpos ao servizo da Administración de xustiza serán as seguintes:

1. O soldo, de acordo co detalle que a continuación se reflicte, e a retribución por antigüidade ou trienios que, se é o caso, lles corresponda.

a) O soldo dos membros do corpo de secretarios xudiciais queda establecido con efectos do 1 de xuño de 2010 nas contías seguintes, referidas a doce mensualidades:

	Euros
Secretarios xudiciais de primeira categoría	17.973,60
Secretarios xudiciais de segunda categoría.	17.083,44
Secretarios xudiciais de terceira categoría.	15.872,16

b) O soldo dos funcionarios dos corpos ao servizo da Administración de xustiza, a que se refire o libro VI da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, segundo a redacción dada pola Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, queda establecido con efectos do 1 de xuño de 2010 nas contías seguintes, referidas a doce mensualidades:

	Euros
Médicos forenses e facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses	15.406,20
Xestión procesual e administrativa	13.303,32
Tramitación procesual e administrativa	10.934,16
Auxilio xudicial	9.917,88
Técnicos especialistas do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses . .	13.303,32
Axudantes de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses	10.934,16

c) Os trienios perfeccionados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2004 nos corpos ao servizo da Administración de xustiza declarados a extinguir pola Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, quedan establecidos con efectos do 1 de xuño de 2010 nas seguintes contías, referidas a doce mensualidades:

	Euros
Corpo de oficiais.	532,56
Corpo de auxiliares.	410,52
Corpo de axentes xudiciais	354,48
Corpo de técnicos especialistas.	532,56
Corpo de auxiliares de laboratorio	410,52
Corpo de axentes de laboratorio a extinguir.	354,48
Corpo de secretarios de xulgados de paz de municipios con máis de 7.000 habitantes a extinguir	599,16

Os trienios perfeccionados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1995 polo persoal encadrado nos corpos de médicos forenses e técnicos facultativos quedan establecidos con efectos do 1 de xuño de 2010 en 642,12 euros anuais, referidos a doce mensualidades.

2. A paga extraordinaria do mes de decembro, que se devengará de acordo coa normativa aplicable aos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, será dun importe dunha

mensualidade do soldo, antigüidade ou trienios, segundo o caso, e a contía complementaria que se sinala no anexo XI desta lei, sendo as contías por soldo as que se sinalan a continuación:

Para os secretarios xudiciais:

	Euros
Secretarios xudiciais de primeira categoría	1.497,80
Secretarios xudiciais de segunda categoría.	1.423,62
Secretarios xudiciais de terceira categoría.	1.322,68

Para os membros dos corpos ao servizo da Administración de xustiza:

	Euros
Médicos forenses e facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses	1.283,85
Xestión procesual e administrativa.	1.108,61
Tramitación procesual e administrativa	911,18
Auxilio xudicial	826,49
Técnicos especialistas do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses	1.108,61
Axudantes de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses	911,18

As contías dos trienios perfeccionados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2004 nos corpos ao servizo da Administración de xustiza declarados a extinguir pola Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, a incluír na dita paga extraordinaria do mes de decembro, serán as que se establecen a continuación:

	Euros
Corpo de oficiais.	44,38
Corpo de auxiliares.	34,21
Corpo de axentes xudiciais	29,54
Corpo de técnicos especialistas.	44,38
Corpo de auxiliares de laboratorio	34,21
Corpo de axentes de laboratorio a extinguir.	29,54
Corpo de secretarios de xulgados de paz de municipios con máis de 7.000 habitantes a extinguir	49,93

A contía por cada trienio perfeccionado con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1995 polo persoal encadrado nos corpos de médicos forenses e técnicos facultativos a incluír na paga extraordinaria de decembro é de 53,51 euros.

A paga extraordinaria do mes de xuño de 2010 rexeráse polo disposto no número tres, A) deste artigo.

3. a) O complemento xeral de posto para os postos adscritos aos funcionarios do corpo de secretarios xudiciais, cando de conformidade coa normativa vixente lles resulte de aplicación este concepto, queda establecido con efectos do 1 de xuño de 2010 nas contías seguintes, referidas a doce mensualidades:

	Euros
Postos de tipo I.	16.107,48
Postos de tipo II	13.758,36
Postos de tipo III.	13.136,16
Postos de tipo IV	13.036,92
Postos de tipo V	9.427,20

As restantes retribucións complementarias e especiais dos funcionarios do parágrafo anterior experimentarán, con efectos do 1 de xuño de 2010, unha redución do 5 por cento, en termos anuais, respecto das vixentes en 31 de maio de 2009, sen prexuízo do previsto no artigo 24, un, B), letra a) desta lei.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, o complemento específico previsto no artigo 4.3 do Real decreto 2033/2009, do 30 de decembro, non experimentará redución respecto á vixente en 31 de maio de 2010.

Para os restantes postos do corpo de secretarios xudiciais, as retribucións complementarias e especiais establecidas no Real decreto 1130/2003, do 5 de setembro, polo que se regula o réxime retributivo do corpo de secretarios xudiciais, experimentarán con efectos do 1 de xuño de 2010 unha redución do 5 por cento, en termos anuais, respecto das vixentes en 31 de maio de 2010. Non obstante o anterior, o complemento de destino por circunstancias especiais asociadas ao destino, previsto no anexo II.3 do citado Real decreto 1130/2003, non experimentará redución respecto ás vixentes en 31 de maio de 2010.

b) O complemento xeral de posto para os postos adscritos aos funcionarios dos corpos ao servizo da Administración de xustiza, a que se refire o número tres, B), 1.b) deste mesmo artigo, de conformidade co previsto no Real decreto 1033/2007, do 20 de xullo, queda establecido con efectos do 1 de xuño de 2010 nas contías seguintes, referidas a doce mensualidades:

	Tipo	Subtipo	Euros
Xestión procesual e administrativa e técnicos especialistas do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.	I	A	3.982,92
	I	B	4.757,76
	II	A	3.667,20
	II	B	4.442,04
	III	A	3.509,40
	III	B	4.284,24
	IV	C	3.351,60
	IV	D	3.509,76
Tramitación procesual e administrativa e axudantes de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.	I	A	3.456,96
	I	B	4.231,92
	II	A	3.141,48
	II	B	3.916,32
	III	A	2.983,56
	III	B	3.758,40
	IV	C	2.825,88
Auxilio xudicial.	I	A	2.715,48
	I	B	3.490,44
	II	A	2.399,76
	II	B	3.174,72
	III	A	2.241,96
	III	B	3.016,92
	IV	C	2.084,16
Médicos forenses e facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.	I		18.808,32
	II		18.565,68
	III		18.322,92
Escala a extinguir de xestión procesual e administrativa, procedentes do corpo de secretarios de xulgados de municipios de máis de 7.000 habitantes.			5.085,96

As restantes retribucións complementarias, variables e especiais dos funcionarios a que se refire o parágrafo anterior experimentarán con efectos do 1 de xuño de 2010 unha redución do 5 por cento, en termos anuais, respecto das aplicadas o 31 de decembro de 2009, sen prexuízo, se é o caso, do previsto no artigo 24, un, B), letra a) desta lei.

No caso en que aos funcionarios dos citados corpos, en virtude das previsións contidas na disposición transitoria única do Real decreto 1033/2007, lles sexa de aplicación o previsto no Real decreto 1714/2004, do 23 de xullo, as súas retribucións complementarias, variables e especiais experimentarán con efectos do 1 de xuño de 2010 unha redución do 5 por cento respecto das vixentes en 31 de maio de 2010.

4. Nas retribucións complementarias a que se fai referencia nos números 3.a) e 3.b) anteriores entenderanse incluídas as cantidades que, en cada caso, se recoñecen en concepto de paga adicional complementaria no punto segundo do Acordo do Consello de Ministros do 8 de maio de 2009 publicado pola Orde 1230/2009, do 18 de maio, do Ministerio da Presidencia (BOE do 20 de maio de 2009).

Así mesmo, ao persoal a que se refire este número tres seralle de aplicación o previsto no artigo 24, dous desta lei, conforme a titulación correspondente aos distintos corpos.

Catro. A) Con efectos do 1 de xaneiro ao 31 de maio de 2010 as retribucións básicas e complementarias correspondentes aos funcionarios a que se refire o artigo 145.1 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, segundo redacción dada pola Lei orgánica 19/2003, experimentarán un incremento do 0,3 por cento respecto das vixentes en 31 de decembro de 2009, sen prexuízo, se é o caso, e polo que se refire ás citadas retribucións complementarias, do previsto no artigo 24, un, A), letra a) desta lei.

B) Con efectos do 1 de xuño de 2010 as retribucións básicas e complementarias correspondentes aos funcionarios a que se refire o artigo 145.1 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, segundo redacción dada pola Lei orgánica 19/2003, experimentarán unha redución do 5 por cento, en termos anuais, respecto das vixentes en 31 de maio de 2010, sen prexuízo, se é o caso, e polo que se refire ás citadas retribucións complementarias, do previsto no artigo 24, un, B), letra a) desta lei.

Cinco. A) Con efectos do 1 de xaneiro ao 31 de maio de 2010 continúan vixentes as retribucións dos membros do poder xudicial e do Ministerio Fiscal incluídos nos puntos 1 e 2 do número catro do artigo 32 da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008, en idénticos termos e contías que as fixadas para eles no citado número, puntos 1, 2 e 3, sen prexuízo do que se indica a continuación en relación coa retribución por antigüidade ou trienios.

O soldo e as retribucións complementarias dos membros do poder xudicial e do Ministerio Fiscal a que se refire o parágrafo anterior, incluída a paga extraordinaria do mes de xuño a que non se lle aplicará a redución establecida no punto cinco, B) deste mesmo artigo, serán as establecidas nel, quedando excluídos, para estes efectos, do ámbito de aplicación da Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal, sen prexuízo do dereito á percepción, en 14 mensualidades, da retribución por antigüidade ou trienios que, se é o caso, lles corresponda, así como do devengo das retribucións especiais que, así mesmo, lles poidan corresponder.

Por outra banda, ao persoal a que se refire este punto seralle de aplicación o previsto no artigo 24, dous desta lei, conforme o correspondente nivel de titulación.

B) Con efectos do 1 de xuño de 2010 as retribucións dos membros do poder xudicial e do Ministerio Fiscal a que se refiren os números 1 e 2 seguintes percibiranse segundo as contías que, en termos anuais, se reflicten a continuación para cada un deles.

1. As dos presidentes de sala do Tribunal Supremo e do presidente da Audiencia Nacional (maxistrados do Tribunal Supremo) nas seguintes contías:

Soldo (a percibir en 14 mensualidades)	27.518,12 €
Outras remuneracións (a percibir en 12 mensualidades)	82.261,44 €
TOTAL	109.779,56 €

As dos maxistrados do Tribunal Supremo e dos presidentes de sala da Audiencia Nacional (maxistrados do Tribunal Supremo), nas seguintes contías:

Soldo (a percibir en 14 mensualidades)	26.069,96 €
Outras remuneracións (a percibir en 12 mensualidades)	80.853,00 €
TOTAL	106.922,96 €

2. As retribucións do fiscal xeral do Estado, na contía de 113.838,96 euros, a percibir en doce mensualidades, sen dereito a pagas extraordinarias.
As do tenente fiscal do Tribunal Supremo, nas seguintes contías:

Soldo (a percibir en 14 mensualidades)	27.518,12 €
Outras remuneracións (a percibir en 12 mensualidades)	82.261,44 €
TOTAL	109.779,56 €

As do fiscal inspector, do fiscal xefe da Fiscalía ante o Tribunal Constitucional e do fiscal xefe da Fiscalía da Audiencia Nacional, nas seguintes contías:

Soldo (a percibir en 14 mensualidades)	26.069,96 €
Outras remuneracións (a percibir en 12 mensualidades)	82.261,44 €
TOTAL	108.331,40 €

As dos fiscais xefes da Fiscalía do Tribunal de Contas, da Secretaría Técnica do Fiscal Xeral do Estado e das fiscalías especiais para a prevención e represión do tráfico ilegal de drogas e para a represión dos delitos económicos relacionados coa corrupción, e dos fiscais de sala do Tribunal Supremo, nas seguintes contías:

Soldo (a percibir en 14 mensualidades)	26.069,96 €
Outras remuneracións (a percibir en 12 mensualidades)	80.853,00 €
TOTAL	106.922,96 €

A paga extraordinaria do mes de xuño de 2010 aboarase de acordo co previsto no punto cinco, A) deste mesmo artigo.

3. Os membros do poder xudicial e do Ministerio Fiscal a que se refiren os números anteriores deste punto cinco, B), con excepción do fiscal xeral do Estado, que se regula no parágrafo seguinte, percibirán 14 mensualidades da retribución por antigüidade ou trienios, se é o caso, que lles corresponda. Así mesmo, percibirán dúas pagas ao ano pola contía que se detalla, para cada un dos cargos, no anexo X, bis desta lei. As ditas contías devengarase de acordo coa normativa sobre pagas extraordinarias aplicable aos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto.

O fiscal xeral do Estado percibirá, ademais da contía sinalada no número 2 deste punto, 14 mensualidades da retribución por antigüidade ou trienios, se é o caso, que lle corresponda e as derivadas da aplicación do artigo 21, catro, número 3, parágrafo segundo, da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do

Estado para o ano 2008, contías, estas ultimas, que se reducirán no 9 por cento desde o 1 de xuño de 2010.

4. O soldo e as retribucións complementarias dos membros do poder xudicial e do Ministerio Fiscal a que se refiren os números 1 e 2 do punto cinco, B) deste artigo, serán as establecidas neles e no número 3 do mesmo punto, quedando excluídos, para estes efectos, do ámbito de aplicación da Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal, sen prexuízo do dereito ao devengo das retribucións especiais que lles correspondan, que se reducirán nun 5 por cento respecto ás vixentes en 31 de maio de 2010.

5. Por outra banda, ao persoal a que se refire este punto seralle de aplicación o previsto na letra d) do artigo 24, dous desta lei, conforme o correspondente nivel de titulación.

Artigo 33. *Retribucións do persoal da Seguridade Social.*

Un. A) Con efectos do 1 de xaneiro ao 31 de maio de 2010 as retribucións que percibirá o persoal funcionario da Administración da Seguridade Social, xa homologado co resto do persoal da Administración xeral do Estado, serán as establecidas no artigo 24, un, A) desta lei para os funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público. Así mesmo, seralles de aplicación o previsto no artigo 24, dous desta lei.

B) Con efectos do 1 de xuño de 2010 as retribucións que percibirá o persoal funcionario da Administración da Seguridade Social, xa homologado co resto do persoal da Administración xeral do Estado, serán as establecidas no artigo 24, un, B) desta lei para os funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público. Así mesmo, seralles de aplicación o previsto no artigo 24, dous desta lei.

Dous. A) O persoal incluído no ámbito de aplicación do Real decreto lei 3/1987, do 11 de setembro, sobre retribucións do persoal estatutario do Instituto Nacional da Saúde, percibirá con efectos do 1 de xaneiro ao 31 de maio de 2010 as retribucións básicas e o complemento de destino nas contías sinaladas para os ditos conceptos retributivos no artigo 28, un, A) desta lei, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria segunda, dous, do citado real decreto lei e de que a contía anual do complemento de destino, fixado na letra c) do citado artigo 28, un, A), se satisfaga en catorce mensualidades.

Para os efectos da aplicación, para o citado persoal estatutario, do disposto no artigo 28, un, A) desta lei, a contía do complemento de destino correspondente a cada unha das pagas extraordinarias farase efectiva tamén en catorce mensualidades, calculándose esta contía nunha doceava parte dos correspondentes importes por niveis sinalados no artigo 28, un, A), letra c).

O importe das retribucións correspondentes aos complementos específico e de atención continuada que, se é o caso, estean fixados ao referido persoal, experimentarán un incremento do 0,3 por cento respecto ao aprobado para o exercicio de 2009, sen prexuízo, se é o caso, do previsto no artigo 24, un, A), letra a) desta lei.

A contía individual do complemento de produtividade determinarase conforme os criterios sinalados no artigo 2, tres, c) e disposición transitoria terceira do Real decreto lei 3/1987, e nas demais normas ditadas no seu desenvolvemento.

Ao persoal a que se refire este punto seralle de aplicación o previsto no artigo 24, dous desta lei.

B) Con efectos do 1 de xuño de 2010 o persoal incluído no ámbito de aplicación do Real decreto lei 3/1987, do 11 de setembro, sobre retribucións do persoal estatutario do Instituto Nacional da Saúde, percibirá as retribucións básicas e o complemento de destino nas contías sinaladas para os ditos conceptos retributivos

no artigo 28, un, B) desta lei, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria segunda, dous, do dito real decreto lei e de que a contía anual do complemento de destino, fixado na letra c) do citado artigo 28, un, B), se satisfaga en catorce mensualidades.

Para os efectos da aplicación, para o citado persoal estatutario, do disposto no artigo 28, un, B) desta lei, a contía do complemento de destino correspondente a cada unha das pagas extraordinarias farase efectiva tamén en catorce mensualidades, calculándose a dita contía nunha doceava parte dos correspondentes importes por niveis sinalados no artigo 28, un, B), letra c).

O importe das retribucións correspondentes aos complementos específico e de atención continuada que, se é o caso, estean fixados ao referido persoal, experimentarán unha redución do 5 por cento, en termos anuais, respecto ao aprobado para o exercicio de 2009, sen prexuízo, se é o caso, do previsto no artigo 24, un, B), letra a) desta lei.

A contía individual do complemento de produtividade determinarase conforme os criterios sinalados no artigo 2, tres, c) e disposición transitoria terceira do Real decreto lei 3/1987, e nas demais normas ditadas no seu desenvolvemento. O crédito para atender este complemento experimentará unha redución, con efectos do 1 de xuño de 2010 e en termos anuais, do 5 por cento respecto do autorizado para 2010.

Ao persoal a que se refire este punto seralle de aplicación o previsto no artigo 24, dous desta lei.

Tres. A) Con efectos do 1 de xaneiro ao 31 de maio de 2010 as retribucións do restante persoal funcionario e estatutario da Seguridade Social experimentarán o incremento previsto no artigo 24, un, A) desta lei. Así mesmo, seralles de aplicación o disposto no artigo 24, dous, se é o caso, tendo en conta o establecido no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.

B) Con efectos do 1 de xuño de 2010 as retribucións do restante persoal funcionario e estatutario da Seguridade Social experimentarán a redución prevista no artigo 24, un, B) desta lei. Así mesmo, seralles de aplicación o disposto no artigo 24, dous, se é o caso, tendo en conta o establecido no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.

Cinco. Modifícase o número un do artigo 36, Outras normas comúns, da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado, que queda redactado nos seguintes termos:

«Un. A) Con efectos do 1 de xaneiro ao 31 de maio de 2010 o persoal contratado administrativo e os funcionarios de corpos de sanitarios locais, así como o persoal cuxas retribucións en 2009 non correspondesen ás establecidas con carácter xeral no título III da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado, e non lles fosen de aplicación as establecidas expresamente no mesmo título desta lei, continuarán percibindo as mesmas retribucións que en 2009 cun incremento do 0,3 por cento respecto das contías correspondentes ao dito ano, sen prexuízo da aplicación a este persoal do disposto no número tres do artigo 22 desta lei.

B) Con efectos do 1 de xuño de 2010 o persoal contratado administrativo e os funcionarios de corpos de sanitarios locais, así como o persoal cuxas retribucións en 31 de maio de 2010 non correspondesen ás establecidas con carácter xeral no título III da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado, e non lles fosen de aplicación as establecidas expresamente no mesmo título desta lei, continuarán percibindo as mesmas retribucións que en 31 de maio de 2010 cunha redución do 5 por cento respecto das contías correspondentes ao dito mes, sen prexuízo da aplicación a este persoal do disposto no número tres do artigo 22 desta lei.»

Seis. Modifícanse os anexos X e XI da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2010, que quedan redactados nos seguintes termos, e engádesse un novo anexo X. bis:

ANEXO X

Contía a incluír na paga extraordinaria dos membros da carreira xudicial e da carreira fiscal do artigo 32, un

Membros da carreira xudicial	Grupo de poboación	Contía en € a incluír na paga extraordinaria de xuño	Contía en € a incluír na paga extraordinaria de decembro
Presidente da Audiencia Nacional (non maxistrado do Tribunal Supremo)	1	4.958,78	4.661,26
Presidentes de sala da Audiencia Nacional (non maxistrados do Tribunal Supremo)	1	3.816,59	3.587,60
Maxistrado da Audiencia Nacional (non maxistrado do Tribunal Supremo)	1	3.752,75	3.527,59
Maxistrado do Gabinete Técnico do Tribunal Supremo	1	3.752,75	3.527,59
Presidente de tribunal superior de xustiza	1	3.752,75	3.527,59
Presidentes de sala e maxistrados de tribunal superior de xustiza	1	3.752,75	3.527,59
Presidentes e maxistrados de audiencia provincial	1	3.702,59	3.480,44
Xuíces centrais e maxistrados de órganos unipersoais	1	3.201,06	3.009,00
Presidente de tribunal superior de xustiza	2	3.705,09	3.482,79
Presidentes de sala e maxistrados de tribunal superior de xustiza	2	3.413,15	3.208,37
Presidentes e maxistrados de audiencia provincial	2	3.363,00	3.161,22
Maxistrados dos órganos unipersoais	2	2.861,48	2.689,80
Presidente de tribunal superior de xustiza	3	3.659,48	3.439,92
Presidentes de sala e maxistrados de tribunal superior de xustiza	3	3.305,96	3.107,61
Presidentes e maxistrados de audiencia provincial	3	3.255,81	3.060,47
Maxistrados de órganos unipersoais	3	2.754,24	2.588,99
Presidentes e maxistrados de audiencia provincial	4	3.027,29	2.845,66
Maxistrados de órganos unipersoais	4	2.534,36	2.382,30
Xuíces.	5	1.972,63	1.874,00

Membros da carreira fiscal	Grupo de poboación	Contía en € a incluír na paga extraordinaria de xuño	Contía en € a incluír na paga extraordinaria de decembro
Tenente fiscal e fiscais da Fiscalía do Tribunal Constitucional	1	3.809,94	3.581,35
Fiscais da Fiscalía do Tribunal Supremo	1	3.809,94	3.581,35
Tenente fiscal e fiscais da Fiscalía da Audiencia Nacional.	1	3.752,75	3.527,59
Fiscal superior da comunidade autónoma	1	3.752,75	3.527,59
Tenente fiscal da fiscalía superior da comunidade autónoma	1	3.752,75	3.527,59
Tenente fiscal e fiscais da Fiscalía do Tribunal de Contas.	1	3.752,75	3.527,59
Tenente fiscal inspector e inspectores fiscais da Fiscalía Xeral do Estado	1	3.752,75	3.527,59
Tenente fiscal e fiscais da Fiscalía Xeral do Estado.	1	3.752,75	3.527,59
Tenente fiscal, fiscais e avogados fiscais da Fiscalía Especial Antidroga	1	3.752,75	3.527,59
Tenente fiscal, fiscais e avogados fiscais da Fiscalía Especial contra a Corrupción e a Criminalidade Organizada	1	3.752,75	3.527,59
Fiscais xefes e tenentes fiscais de fiscalía provincial.	1	3.702,59	3.480,44
Fiscais coordinadores.	1	3.616,14	3.399,18
Fiscais decanos das seccións territoriais da fiscalía provincial	1	3.616,14	3.399,18
Resto de fiscais de segunda categoría	1	3.201,06	3.009,00

Membros da carreira fiscal	Grupo de poboación	Contía en € a incluír na paga extraordinaria de xuño	Contía en € a incluír na paga extraordinaria de decembro
Fiscal superior de comunidade autónoma	2	3.705,09	3.482,79
Tenente fiscal de fiscalía superior de comunidade autónoma	2	3.413,15	3.208,37
Fiscais xefes e tenentes fiscais da fiscalía provincial.	2	3.363,00	3.161,22
Fiscal xefe de fiscalía de área (agás onde exista sección da audiencia provincial en sede distinta da capital de provincia)	2	3.363,00	3.161,22
Fiscais coordinadores.	2	3.276,56	3.079,97
Fiscais decanos das seccións territoriais da fiscalía provincial	2	3.276,56	3.079,97
Resto de fiscais de segunda categoría	2	2.861,48	2.689,80
Fiscal superior de comunidade autónoma	3	3.659,48	3.439,92
Tenente fiscal de fiscalía superior de comunidade autónoma	3	3.305,96	3.107,61
Fiscais xefes e tenentes fiscais de fiscalía provincial.	3	3.255,81	3.060,47
Fiscal xefe de fiscalía de área (agás onde exista sección da audiencia provincial en sede distinta da capital de provincia)	3	3.255,81	3.060,47
Fiscais coordinadores.	3	3.169,36	2.979,20
Fiscais decanos das seccións territoriais da fiscalía provincial	3	3.169,36	2.979,20
Resto de fiscais de segunda categoría	3	2.754,24	2.588,99
Fiscais xefes e tenentes fiscais de fiscalía provincial.	4	3.027,29	2.845,66
Fiscal xefe de fiscalía de área (agás onde exista sección da audiencia provincial en sede distinta da capital de provincia)	4	3.027,29	2.845,66
Fiscais coordinadores.	4	2.940,83	2.764,39
Fiscais decanos das seccións territoriais da fiscalía provincial	4	2.940,83	2.764,39
Resto de destinos da segunda categoría de fiscais.	4	2.534,36	2.382,30
Resto de destinos correspondentes á terceira categoría de fiscais.	5	1.972,63	1.874,00

ANEXO XI

Contía a incluír na paga extraordinaria dos membros dos corpos de secretarios xudiciais e dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza

Secretarios xudiciais	Grupo anexo II.1 R.D. 1130/2003	Contía en € a incluír na paga extra de xuño	Contía en € a incluír na paga extra de decembro
Secretarios do Tribunal Supremo	1	1.088,66	1.034,23
Secretario de goberno da Audiencia Nacional	1	1.088,66	1.034,23
Secretarios da Audiencia Nacional.	1	1.032,80	981,16
Secretarios do tribunal superior de xustiza	1	1.032,80	981,16
Secretario coordinador provincial e secretario da audiencia provincial	1	1.019,60	968,62
Secretario de órgano unipersoal, de órganos non xurisdicionais e rexistros civís e de xulgados centrais	1	914,19	868,49
Secretarios do tribunal superior de xustiza	2	929,81	883,32
Secretario coordinador provincial e secretario da audiencia provincial	2	916,52	870,70
Secretario de órgano unipersoal, órganos non xurisdicionais e rexistros civís	2	811,14	770,59
Secretarios do tribunal superior de xustiza	3	902,49	857,37
Secretario coordinador provincial e secretario da audiencia provincial.	3	889,21	844,75
Secretario órgano unipersoal, órganos non xurisdicionais e rexistros civís.	3	783,85	744,66
Secretario coordinador provincial e secretario da audiencia provincial	4	884,88	840,64
Resto de destinos da segunda categoría de secretarios xudiciais	4	779,52	740,55
Destinos correspondentes á terceira categoría de secretarios xudiciais	5	565,42	537,15

Corpo ou escala	Grupo artigo 7.º R.D. 1909/2000	Contía en € a incluir na paga extraordinaria de xuño	Contía en € a incluir na paga extraordinaria de decembro
De xestión procesual e administrativa.	I	425,50	404,23
	II	397,81	377,92
	III	383,97	364,78
	IV	370,18	351,68
De tramitación procesual e administrativa.	I	388,58	369,16
	II	360,81	342,77
	III	346,96	329,62
	IV	333,13	316,48
De auxilio xudicial.	I	332,80	316,16
	II	305,17	289,92
	III	291,34	276,78
	IV	277,48	263,61
De técnicos especialistas do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.	I	425,50	404,23
	II	397,81	377,92
	III	383,97	364,78
De axudantes de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.	I	388,58	369,16
	II	360,81	342,77
	III	346,96	329,62
Secretarios de paz (a extinguir).	IV	462,65	439,52

Corpo de médicos forenses e corpo de facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.	Grupo artigo 7.º R.D. 1909/ 2000	Contía en € a incluir na paga extraordinaria de xuño	Contía en € a incluir na paga extraordinaria de decembro
Director do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses	I	864,96	821,72
Director do Instituto de Medicina Legal de Madrid ou Barcelona, ou institutos con competencias pluriprovinciais	I	864,96	821,72
Director de institutos de medicina legal con competencias pluriprovinciais	II	845,58	803,31
Director de institutos de medicina legal con competencias pluriprovinciais	III	826,22	784,91
Director de departamento de institutos n. de toxicoloxía e c.f.	I	826,22	784,91
Director de departamento de institutos n. de toxicoloxía e c.f.	II	806,83	766,49
Director de institutos de medicina legal con competencias uniprovinciais ou de ámbito inferior	II	806,83	766,49
Director de inst. de medicina legal con competencias univprovinciais ou de ámbito inferior	III	787,45	748,08
Subdirector do Instituto de Medicina Legal de Madrid ou Barcelona, e director con competencias pluriprovinciais	I	826,22	784,91
Subdirector de institutos de medicina legal con competencias pluriprovinciais .	II	806,83	766,49
Subdirector de institutos de medicina legal con competencias pluriprovinciais .	III	787,45	748,08
Subdirector de institutos de medicina legal con competencias uniprovinciais ou de ámbito inferior	II	768,08	729,68
Subdirector de institutos de medicina legal con competencias uniprovinciais ou de ámbito inferior	III	748,73	711,30
Xefaturas de servizo de institutos de medicina legal e I.N.T. e C.F. e os seus departamentos	I	787,45	748,08

Corpo de médicos forenses e corpo de facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.	Grupo artigo 7.º R.D. 1909/ 2000	Contía en € a incluir na paga extraordinaria de xuño	Contía en € a incluir na paga extraordinaria de decembro
Xefaturas de servizo de institutos de medicina legal e I.N.T. e C.F. e os seus departamentos	II	768,08	729,68
Xefaturas de servizo de institutos de medicina legal e I.N.T. e C.F. e os seus departamentos	III	748,73	711,30
Xefaturas de sección de institutos de medicina legal e Instituto Nac. de Toxicoloxía e C.F.	I	748,73	711,30
Xefaturas de sección de institutos de medicina legal e I.N.T. e C.F.	II	729,31	692,85
Xefaturas de sección de institutos de medicina legal e Instituto Nac. de Toxicoloxía e C.F.	III	709,93	674,44
Médicos forenses e técnicos facultativos do I.N.T. e C.F.	I	632,43	600,81
Médicos forenses e técnicos facultativos do I.N.T. e C.F.	II	613,08	582,43
Médicos forenses e técnicos facultativos do I.N.T. e C.F.	III	593,65	563,97
Médicos forenses en rexistros civís (R.D. 181/93, do 9 de febreiro, disposición adicional 2ª)	I	145,44	138,17
Médicos forenses en rexistros civís (R.D. 181/93, do 9 de febreiro, disposición adicional 2ª)	II	106,62	101,29
Médicos forenses en rexistros civís (R.D. 181/93, do 9 de febreiro, disposición adicional 2ª)	III	87,24	82,88
Médicos forenses con réxime transitorio de integración e retributivo	Grupo artigo 7.º R.D. 1909/2000	Contía en € a incluir na paga extraordinaria de xuño	Contía en € a incluir na paga extraordinaria de decembro
Director rexional de instituto anatómico forense ou de clínica médico forense (en agrupacións de xulgados algún dos cales estea servido por maxistrado ou que, conxuntamente con xulgado, sexan titulares de especialidade ou cargo directivo).	I	823,66	782,48
	II	804,28	764,07
	III	784,90	745,66
Director rexional de instituto anatómico forense ou de clínica médico forense (en agrupacións non incluídas no parágrafo anterior).	I	804,28	764,07
	II	784,90	745,66
	III	765,57	727,30
Director provincial de instituto anatómico forense ou de clínica médico forense (en agrupacións de xulgados algún dos cales estea servido por maxistrado ou que, conxuntamente con xulgado, sexan titulares de especialidade ou cargo directivo).	I	784,90	745,66
	II	765,57	727,30
	III	746,20	708,89
Director provincial de instituto anatómico forense ou de clínica médico forense (en agrupacións non incluídas no parágrafo anterior).	I	765,57	727,30
	II	746,20	708,89
	III	726,81	690,47
Xefe de servizo de instituto anatómico forense ou de clínica médico forense (en agrupacións de xulgados algún dos cales estea servido por maxistrado ou que, conxuntamente con xulgado, sexan titulares de especialidade ou cargo directivo).	I	746,20	708,89
	II	726,81	690,47
	III	707,43	672,06
Xefe de servizo de instituto anatómico forense ou de clínica médico forense (en agrupacións non incluídas no parágrafo anterior).	I	726,81	690,47
	II	707,43	672,06
	III	688,05	653,65

Médicos forenses con réxime transitorio de integración e retributivo	Grupo artigo 7.º R.D. 1909/2000	Contía en € a incluír na paga extraordinaria de xuño	Contía en € a incluír na paga extraordinaria de decembro
Xefe de sección de instituto anatómico forense ou de clínica médico forense (en agrupacións de xulgados algún dos cales estea servido por maxistrado ou que, conxuntamente con xulgado, sexan titulares de especialidade ou cargo directivo).	I	707,43	672,06
	II	688,05	653,65
	III	668,62	635,19
Xefe de sección de instituto anatómico forense ou de clínica médico forense (en agrupacións non incluídas no parágrafo anterior).	I	688,05	653,65
	II	668,62	635,19
	III	649,25	616,79
Médico forense (en agrupacións de xulgados algún dos cales estea servido por maxistrado ou que, conxuntamente con xulgado, sexan titulares de especialidade ou cargo directivo).	I	629,92	598,43
	II	610,54	580,02
	III	591,15	561,60
Médico forense (en agrupacións non incluídas no parágrafo anterior).	I	610,54	580,02
	II	591,15	561,60
	III	571,78	543,20
Médicos forenses con réxime de xornada normal	Grupo artigo 7.º R.D. 1909 /2000	Contía en € a incluír na paga extraordinaria de xuño	Contía en € a incluír na paga extraordinaria de decembro
Director rexional de inst. anatómico forense ou de clínica médico forense.	I	562,11	534,01
	II	542,72	515,59
	III	523,34	497,18
Director provincial de inst. anatómico forense ou de clínica médico forense.	I	523,34	497,18
	II	503,95	478,76
	III	484,58	460,36
Xefe de servizo de inst. anatómico forense ou de clínica médico forense.	I	484,58	460,36
	II	465,13	441,88
	III	445,76	423,48
Xefe de sección de inst. anatómico forense ou de clínica médico forense.	I	445,76	423,48
	II	426,38	405,07
	III	407,06	386,71
Médicos forenses.	I	368,31	349,90
	II	348,93	331,49
	III	329,48	313,01

ANEXO X.Bis

Contía a incluír na paga extraordinaria de determinados membros do poder xudicial e do Ministerio Fiscal do artigo 32, cinco

	Contía en € a incluír en paga extraordinaria de xuño	Contía en € a incluír en paga extraordinaria de decembro
Membros do poder xudicial		
Presidentes de sala do Tribunal Supremo (non inclúe o presidente deste)	2.860,83	2.603,36
Presidente da Audiencia Nacional (maxistrado do Tribunal Supremo)	2.860,83	2.603,36
Presidentes de sala da Audiencia Nacional (maxistrados do Tribunal Supremo)	2.752,13	2.504,44
Maxistrados do Tribunal Supremo (non incluídos nos parágrafos anteriores).	2.752,13	2.504,44
Membros do Ministerio Fiscal		
Tenente fiscal do Tribunal Supremo	2.860,83	2.603,36
Fiscal inspector.	2.764,26	2.515,48
Fiscal xefe da Fiscalía ante o Tribunal Constitucional	2.764,26	2.515,48
Fiscal xefe da Fiscalía da Audiencia Nacional	2.764,26	2.515,48
Fiscal xefe da Fiscalía do Tribunal de Contas	2.752,13	2.504,44
Fiscal xefe da Secretaría Técnica do fiscal xeral do Estado	2.752,13	2.504,44
Fiscal xefe da Fiscalía Especial Antidroga	2.752,13	2.504,44
Fiscal xefe da Fiscalía Especial contra a Corrupción e a Criminalidade Organizada	2.752,13	2.504,44
Fiscais de sala do Tribunal Supremo	2.752,13	2.504,44

Artigo 2. *Créditos de produtividade, dedicación especial e gratificacións por servizos extraordinarios.*

A partir do 1 de xuño de 2010 os créditos asignados para atender os complementos de produtividade, dedicación especial e gratificacións por servizos extraordinarios reduciranse nun 5 por cento e sen prexuízo de que as cantidades individuais asignadas poidan ser diferentes de acordo coa normativa reguladora destes complementos

Artigo 3. *Modifícase o artigo 63.1 a) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.*

Modifícase o punto 1.a) do artigo 63, que queda redactado como segue:

«a) Transferencias entre créditos dun mesmo programa ou entre programas dun mesmo servizo, incluso coa creación de créditos novos no caso dos destinados a compra de bens correntes e servizos ou investimentos reais, sempre que se encontren previamente recollidos nos códigos que definen a clasificación económica e non afecten os de persoal ou non incrementen os créditos que enumera o punto 2 do artigo 43 desta lei.»

CAPÍTULO II

Medidas en materia de pensións

Artigo 4. *Suspensión da revalorización de pensións.*

Un. Suspéndese para o exercicio de 2011 a aplicación do previsto no número 1.1 do artigo 48 da Lei xeral da Seguridade Social, agás para as pensións mínimas do sistema da Seguridade Social, as pensións do extinguido SOVI non concorrentes e as pensións non contributivas. Igualmente para o exercicio de 2011 suspéndese a aplicación do disposto no número 1.2 do artigo 48 da Lei xeral da Seguridade Social, agás para as pensións mínimas do sistema da Seguridade Social, as pensións do extinguido SOVI non concorrentes e as pensións non contributivas.

Dous. Suspéndese para 2011 a aplicación do previsto no número 1 do artigo 27 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado aprobado polo Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril, e mantéñense en relación coas pensións mínimas de clases pasivas as previsións contidas no número 2 do citado artigo 27

CAPÍTULO III

Medidas en materia de dependencia

Artigo 5. *Modificación da disposición derradeira primeira da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.*

Con efectos do 1 de xuño de 2010 modifícase a disposición derradeira primeira da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, do seguinte xeito:

Un. Modifícase o número 2, que queda redactado como segue:

«2. No marco do establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o prazo máximo entre a data de entrada da solicitude e a de resolución de recoñecemento da prestación de dependencia será de seis meses, independentemente de que a Administración competente establecese un procedemento diferenciado para o recoñecemento da situación de dependencia e o de prestacións.»

Dous. Modifícase o número 3, que queda redactado como segue:

«3. O recoñecemento do dereito contido nas resolucións das administracións públicas competentes xerará o dereito de acceso ás prestacións correspondentes, previstas nos artigos 17 a 25 desta lei, a partir da data da resolución en que se recoñeza a concreta prestación ou prestacións que corresponden á persoa beneficiaria.

Se unha vez transcorrido o prazo máximo de seis meses desde a solicitude non se tiver notificado resolución expresa de recoñecemento de prestación, o dereito de acceso á prestación económica que, se é o caso, for recoñecida, xerárase desde o día seguinte ao do cumprimento do prazo máximo indicado.»

Tres. O actual número 3 queda numerado como número 4. O actual número 4 queda numerado como número 5.

CAPÍTULO IV

Medidas en materia tributaria e de seguridade social

Artigo 6. *Supresión da dedución por nacemento ou adopción no imposto sobre a renda das persoas físicas.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio:

Un. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2011, suprímese o artigo 81 bis.

Dous. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2011, modifícanse os números 1 e 2 do artigo 103, que quedarán redactados nos seguintes termos:

«1. Cando a suma das retencións, ingresos á conta e pagamentos fraccionados deste imposto, así como das cotas do imposto sobre a renda de non-residentes a que se refire o parágrafo d) do artigo 79 desta lei e, de ser o caso, da dedución prevista no artigo 81 desta lei, sexa superior ao importe da cota resultante da autoliquidación, a Administración tributaria practicará, se procede, liquidación provisional dentro dos seis meses seguintes ao termo do prazo establecido para a presentación da declaración.

Cando a declaración for presentada fóra de prazo, os seis meses a que se refire o parágrafo anterior computaranse desde a data da súa presentación.

2. Cando a cota resultante da autoliquidación ou, se é o caso, da liquidación provisional, sexa inferior á suma das cantidades efectivamente retidas e dos pagamentos á conta deste imposto realizados, así como das cotas do imposto sobre a renda de non-residentes a que se refire o parágrafo d) do artigo 79 desta lei e, se é o caso, da dedución prevista no artigo 81 desta lei, a Administración tributaria procederá a devolver de oficio o exceso sobre a citada cota, sen prexuízo da práctica das posteriores liquidacións, provisionais ou definitivas, que procedan.»

Tres. Con efectos desde a entrada en vigor deste real decreto lei, modifícase a disposición adicional vixésimo sexta, que quedará redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional vixésimo sexta. *Dedución por nacemento ou adopción no período impositivo 2010.*

Os nacementos que se producisen en 2010 e as adopcións que se constituísen no dito ano darán dereito no citado período impositivo á dedución por nacemento ou adopción regulada no artigo 81.bis desta lei sempre que a inscrición no Rexistro civil se efectúe antes do 31 de xaneiro de 2011, e poderase igualmente, neste último caso, solicitar antes da citada data a percepción anticipada da dedución.»

Artigo 7. *Supresión da prestación económica de pagamento único por nacemento ou adopción de fillo da Seguridade Social.*

Introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social aprobada polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño:

Un. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2011, suprímese o parágrafo d) do artigo 181.

Dous. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2011, modifícase o número 1 do artigo 182.bis, que quedará redactado nos seguintes termos:

«1. A contía da asignación económica a que se refire o parágrafo a do artigo 181 será, en cómputo anual, de 291 euros, salvo nos supostos especiais que contén o punto seguinte.»

Tres. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2011, suprímese a subsección IV da sección II do capítulo IX do título II.

Catro. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2011, suprímese o número 4 do artigo 189.

Cinco. Con efectos desde a entrada en vigor deste real decreto lei, engádese unha disposición adicional cuadraxésimo oitava, que quedará redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional cuadraxésimo oitava. *Prestación económica de pagamento único por nacemento ou adopción de fillo producido en 2010.*

Os nacementos que se producisen en 2010 e as adopcións que se constituísen no dito ano darán dereito á prestación económica por nacemento ou adopción regulada na subsección IV da sección II do capítulo IX do título II desta lei, sempre que a inscrición no Rexistro Civil se efectúe antes do 31 de xaneiro de 2011, e deberase, neste último caso, solicitar antes da citada data a percepción da indicada prestación.»

CAPÍTULO V

Medidas en materia de sanidade

Artigo 8. *Deducións sobre os medicamentos dispensados polas oficinas de farmacia ao Sistema Nacional de Saúde.*

Un. As oficinas de farmacia aplicarán na facturación dos medicamentos de uso humano fabricados industrialmente que se dispensen con cargo á prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde unha dedución do 7,5% sobre o prezo de venda ao público destes medicamentos.

Para os efectos da aplicación e repartición desta dedución entre todos os axentes da cadea farmacéutica, a distribución aplicará unha dedución do 7,5% sobre o prezo de venda do distribuidor, correspondendo ao laboratorio farmacéutico aplicar igualmente unha dedución do 7,5% sobre o prezo industrial máximo.

Estas deducións serán igualmente aplicables aos medicamentos que, aínda estando integrados no sistema de prezos de referencia, formen parte de conxuntos inactivos.

Dous. As deducións do número anterior serán realizadas sen prexuízo dos descontos regulados no número 6 do artigo 3 da Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, e non afectarán as actuais marxes comerciais da dispensación e distribución, que manteñen as súas contías.

A aplicación da escala prevista no número 3 do artigo 2 do Real decreto 823/2008, do 16 de maio, polo que se establecen as marxes, deducións e descontos correspondentes á distribución e dispensación de medicamentos de uso humano, efectuarase unha vez aplicadas as deducións establecidas no número 1 deste artigo.

Artigo 9. *Deducións sobre as compras dos medicamentos realizadas polos servizos sanitarios do Sistema Nacional de Saúde.*

Nas compras de medicamentos de uso humano fabricados industrialmente formalizadas con cargo a fondos públicos do Sistema Nacional de Saúde a través dos servizos de farmacia dos hospitais, dos centros de saúde e das estruturas de atención primaria, aplicarase unha dedución do 7,5% sobre o prezo de compra.

Artigo 10. *Excepcións á aplicación das deducións.*

As deducións previstas nos artigos 8 e 9 non serán de aplicación aos medicamentos xenéricos, así como aos medicamentos que se encontren afectados pola aplicación do sistema de prezos de referencia, coa excepción feita no parágrafo terceiro do número un do artigo 8.

No caso de medicamentos orfos, as reducións establecidas nos artigos 8 e 9 serán do 4 por cento.

Artigo 11. *Revisión dos prezos dos produtos sanitarios.*

O prezo de venda ao público dos produtos sanitarios incluídos na prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde reducirase nun 7,5%, con excepción do prezo dos absorbentes de incontinencia de urina, cuxa redución será do 20%.

As reducións establecidas neste artigo non suporán a modificación do código nacional.

Artigo 12. *Modificación da Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios.*

Un. O número 8 do artigo 19 terá a seguinte redacción:

«Mediante resolución, a Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios no prazo de seis meses poderá autorizar a dispensación de unidades concretas para os grupos de medicamentos e/ou patoloxías que se determinen, co fin de axustar as unidades dispensadas á duración do tratamento. Estas unidades poderanse dispensar a partir do fraccionamento dun envase dun medicamento autorizado e inscrito, respectando a integridade do acondicionamento primario, agás cando, no marco de proxectos ou programas autorizados pola mencionada axencia, sexa procedente o seu reacondicionamento protocolizado e garantindo as condicións de conservación do medicamento, así como a información ao paciente.

Para os casos previstos neste número, o Ministerio de Sanidade e Política Social establecerá o sistema de cálculo do prezo de venda ao público e as marxes de comercialización correspondentes.»

Dous. O número 1 do artigo 90 terá a seguinte redacción:

«Corresponde ao Consello de Ministros, por real decreto, por proposta dos ministros de Economía e Facenda, de Industria, Turismo e Comercio e de Sanidade e Política Social e logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, establecer o réxime xeral de fixación dos prezos industriais dos medicamentos, así como daqueles produtos sanitarios que vaian ser incluídos na prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde e que se dispensen, a través de receita oficial, en territorio nacional, que responderá a criterios obxectivos.

As contías económicas correspondentes aos conceptos da distribución e dispensación dos medicamentos e dos ditos produtos sanitarios e, de ser o caso, das deducións aplicables á facturación destes ao Sistema Nacional de Saúde son fixados polo Goberno, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, de forma xeral ou por grupos ou sectores, tomando en consideración criterios de carácter técnico-económico e sanitario.»

Artigo 13. *Modificación da Lei 30/2007, do 30 outubro, de contratos do sector público.*

Engádese unha nova disposición adicional á Lei de contratos do sector público coa seguinte redacción:

«Disposición adicional trixésimo cuarta. *Adquisición centralizada de medicamentos e produtos sanitarios para o Sistema Nacional de Saúde.*

Un. Mediante orde do Ministerio de Sanidade e Política Social, logo de informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, poderanse declarar de adquisición centralizada as subministracións de medicamentos e produtos sanitarios que contraten no ámbito estatal os diferentes órganos e organismos. A contratación destas subministracións deberase efectuar a través do Ministerio de Sanidade e Política Social. O financiamento dos correspondentes contratos correrá a cargo do

organismo ou entidade peticionarios. As competencias que o artigo 190 lle atribúe á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado e ao Ministerio de Economía e Facenda corresponderán en relación á subministración de medicamentos e produtos sanitarios ao Ministerio de Sanidade e Política Social.

As comunidades autónomas e as entidades locais, así como as entidades e organismos dependentes delas e integradas no Sistema Nacional de Saúde, poderanse adherir ao sistema de adquisición centralizada estatal de medicamentos e produtos sanitarios, para a totalidade das subministracións incluídas nel ou só para determinadas categorías deles. A adhesión requirirá a conclusión do correspondente acordo co Ministerio de Sanidade e Política Social.

Dous. Os órganos de contratación da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas e das entidades locais, así como as entidades e organismos dependentes delas e integradas no Sistema Nacional de Saúde, poderán concluír de forma conxunta acordos marco dos previstos no artigo 180, con un ou varios empresarios, co fin de fixar as condicións a que se deberán axustar os contratos de subministración de medicamentos e produtos sanitarios que pretendan adxudicar durante un período determinado, sempre que o recurso a estes instrumentos non se efectúe de forma abusiva ou de modo que a competencia se vexa obstaculizada, restrinxida ou falseada.»

CAPÍTULO VI

Medidas en materia económico-financieira das entidades locais

Artigo 14. *Aplicación ás entidades locais.*

Un. Decláranse recursos afectados os derivados da aplicación das medidas de redución de custos de persoal nos exercicios 2010 e 2011, que se destinarán, coa orde de preferencia na que están relacionados, ás seguintes finalidades:

- a) A sanear o remanente de tesouraría derivado da última liquidación, cando este for negativo.
- b) A diminuír o nivel de endebedamento a longo prazo.
- c) Ao financiamento de investimentos.
- d) Cando non resulten de aplicación as letras a) ou b), os recursos non aplicados no propio exercicio ao financiamento de investimentos destinaranse en sucesivos exercicios ás finalidades establecidas nos letras a), b) e c), coa mesma orde de prelación, ata a súa aplicación total.

Dous. A partir da entrada en vigor desta norma e ata o 31 de decembro de 2011, as entidades locais e as súas entidades dependentes clasificadas no sector Administracións públicas non poderán acudir ao crédito público ou privado a longo prazo, en calquera das súas modalidades, para o financiamento dos seus investimentos, nin substituír total ou parcialmente operacións preexistentes, con excepción daquelas que en termos de valor actual neto resulten beneficiosas para a entidade por diminuír a carga financeira, o prazo de amortización ou ambos os dous.

Tres. As operacións a curto prazo concertadas para cubrir situacións transitorias de financiamento reguladas no artigo 51 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais deberán quedar canceladas en 31 de decembro de cada ano.

Artigo 15. *Funcionarios con habilitación de carácter estatal.*

Modifícase o número 5 da disposición adicional segunda da Lei 7/2007, do 12 abril, pola que se aproba o Estatuto básico do empregado público, que queda coa seguinte redacción:

«5. Provisión de postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter estatal.

5.1. O concurso será o sistema normal de provisión de postos de traballo e nel teranse en conta os méritos xerais, os méritos correspondentes ao coñecemento das especialidades da organización territorial de cada comunidade autónoma e do dereito propio desta, o coñecemento da lingua oficial nos termos previstos na lexislación autonómica respectiva e os méritos específicos directamente relacionados coas características do posto.

Existirán dous concursos anuais: o concurso ordinario e o concurso unitario.

As comunidades autónomas no seu ámbito territorial regularán as bases comúns do concurso ordinario así como a porcentaxe de puntuación que corresponda a cada un dos méritos enumerados anteriormente.

As corporacións locais aprobarán o concurso ordinario anual con inclusión das prazas vacantes que consideren necesario convocar.

En calquera caso, non se procederá ao nomeamento de funcionarios interinos do artigo 10.1 desta Lei 7/2007 nin ao nomeamento accidental de funcionarios da entidade suficientemente capacitados para cubrir os postos de traballo que teñan asignadas as funcións contidas no punto 1.2.b) desta disposición, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, logo de comunicación á Administración que exerza a tutela financeira.

As corporacións locais incluírán necesariamente en concursos anuais os postos de traballo que teñan asignadas as funcións contidas no punto 1.2.b) desta disposición e estean cubertos por funcionarios interinos ou funcionarios da entidade nomeados excepcionalmente con carácter accidental.

O ámbito territorial do concurso ordinario será o da comunidade autónoma a que pertenza a corporación local.

Os presidentes das corporacións locais efectuarán as convocatorias do concurso ordinario e remitiranas á correspondente comunidade autónoma para a súa publicación. As resolucións dos concursos serán efectuadas polas corporacións locais e remitidas á respectiva comunidade autónoma, quen, logo de coordinación destas para evitar a pluralidade simultánea de adxudicacións a favor dun mesmo concursante, e comprobación da inclusión de todos os postos de traballo que teñan asignadas as funcións contidas no punto 1.2.b) desta disposición e estean cubertos por funcionarios interinos ou nomeados excepcionalmente con carácter accidental, procederá á súa publicación no seu diario oficial, dando traslado dela ao Ministerio de Política Territorial para a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e para a súa inclusión no rexistro de funcionarios con habilitación de carácter estatal.

O Ministerio de Política Territorial efectuará, supletoriamente, en función dos méritos xerais e dos de valoración autonómica e de acordo co establecido polas comunidades autónomas respecto do requisito da lingua, a convocatoria anual dun concurso unitario dos postos de traballo vacantes reservados a funcionarios con habilitación de carácter estatal que se deban prover por concurso, nos termos que estableza regulamentariamente o Ministerio da Presidencia.

O ámbito territorial do concurso unitario será de carácter estatal.

5.2. Excepcionalmente, para os municipios de gran poboación previstos no artigo 121 da Lei 7/1985, así como as deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares, poderanse cubrir polo sistema de libre designación, entre funcionarios con habilitación de carácter estatal da subescala e categoría correspondentes, os postos a eles reservados que se determinen nas relacións de postos de traballo nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública.

Non obstante, cando se trate de postos de traballo que teñan asignadas as funcións contidas no punto 1.2.b) desta disposición, será precisa a autorización expresa da Administración que exerza a tutela financeira.

Igualmente, será necesario informe preceptivo da Administración de tutela para o cesamento daqueles funcionarios que fosen nomeados por libre designación dentro dos seis anos inmediatamente anteriores á proposta de cesamento.

5.3 As comunidades autónomas efectuarán, de acordo coa súa normativa, os nomeamentos provisionais de funcionarios con habilitación de carácter estatal, así como as comisións de servizos, acumulacións, nomeamentos de persoal interino e de persoal accidental.»

CAPÍTULO VII

Outras medidas de control do gasto público

Artigo 16. *Contratos de colaboración público-privada e de concesión de obra pública.*

No ámbito do sector público estatal, antes de autorizar un contrato de colaboración entre o sector público e o sector privado, así como un contrato de concesión de obra pública, tipificados na Lei 30/2007, do 30 de outubro, cuxo valor estimado exceda os doce millóns de euros, será preceptivo e vinculante un informe do Ministerio de Economía e Facenda que se pronuncie sobre as repercusións orzamentarias e compromisos financeiros que supón, así como sobre a súa incidencia no cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, segundo o establecido no texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2007, do 28 de decembro.

Para tal efecto, o órgano de contratación deberá proporcionar información completa acerca dos aspectos financeiros e orzamentarios do contrato, incluíndo os mecanismos de captación de financiamento e garantías que se prevexa utilizar, durante toda a vixencia deste, así como, se é o caso, o documento de avaliación previa a que se refire o artigo 118 da Lei de contratos do sector público.

Artigo 17. *Modificación do artigo 63 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010.*

Modifícase o artigo 63 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010, que queda redactado como segue:

«Será preceptivo e vinculante o informe do Ministerio de Economía e Facenda para a realización de gastos con cargo aos artigos 82 e 83 do capítulo 8 dos orzamentos xerais do Estado, con excepción dos anticipos realizados ao persoal.

No suposto de préstamos e anticipos para conceder a través de procedementos de concorrencia competitiva, o dito informe emitirase no momento anterior á aprobación da convocatoria.

O citado informe terá por obxecto determinar o efecto que as condicións de concesión dos ditos préstamos e anticipos poidan ter sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria a que se refire o artigo 7 do texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2007, do 28 de decembro, e en atención a estas consideracións determinará a procedencia da concesión das operacións propostas.

Artigo 18. *Acción do sector público estatal no exterior.*

Toda proposta de apertura de embaixadas, consulados, centros culturais, educativos, sociais, turísticos, así como a creación de calquera estrutura orgánica ou funcional a través da cal se instrumente a acción do sector público estatal no exterior en todos os seus ámbitos, requirirá, como requisito imprescindible para a súa aprobación, contar co informe previo favorable do Ministerio de Economía e Facenda.

Disposición adicional primeira. *Aplicación do previsto no artigo 1, dous aos órganos a que resulta de aplicación o artigo 27 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2010.*

Os presidentes do Consello Xeral do Poder Xudicial, do Tribunal Constitucional e do Tribunal de Contas comunicaranlle ao Ministerio de Economía e Facenda, no prazo de 15 días desde a publicación deste real decreto lei, a redución que se aplicará ás retribucións a devengar polos membros a que fai referencia o mencionado artigo 27 con efectos do 1 de xuño e ata o mes de decembro.

En canto esta comunicación non se produza, devengarase á conta as retribucións vixentes de conformidade co previsto na Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2010.

Disposición adicional segunda. *Suspensión do Acordo Goberno-sindicatos para a función pública no marco do diálogo social 2010-2012.*

Acórdase con efectos do 1 de xuño de 2010 a suspensión parcial do Acordo Goberno-sindicatos para a función pública no marco do diálogo social 2010-2012, asinado o 25 de setembro de 2009 nos termos necesarios para a correcta aplicación deste real decreto lei e, en concreto, as medidas de contido económico.

Disposición adicional terceira. *Aplicación dos axustes en materia retributiva ás mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social e ás súas entidades e centros mancomunados.*

Un. Ás retribucións do persoal ao servizo das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social e das entidades e centros mancomunados constituídos por estas que superen as establecidas no réxime retributivo dos directores xerais das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social para o exercicio 2010, seralles de aplicación o axuste que se establece, con efectos do 1 de xuño de 2010, para os directores xerais no artigo 26, dous, B) da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2010, na redacción dada por este real decreto lei.

Dous. Ás retribucións do resto do persoal laboral ao servizo das mutuas e das súas entidades e centros mancomunados seranlles de aplicación os axustes establecidos, con efectos do 1 de xuño de 2010, no artigo 25, dous, B) da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2010, na redacción dada por este real decreto lei en relación coas retribucións do persoal laboral do sector público estatal.

Disposición adicional cuarta. *Rexistro de persoal directivo do sector público estatal.*

Créase, dependente do Ministerio de Economía e Facenda, o rexistro de persoal directivo do sector público estatal e que incluírá o persoal que teña tal condición cando lle corresponda o exercicio de funcións executivas de máximo nivel das fundacións do sector público estatal, dos consorcios participados maioritariamente pola Administración xeral do Estado e os seus organismos e das sociedades mercantís públicas que perciban achegas de calquera natureza con cargo aos orzamentos públicos ou con cargo aos orzamentos dos entes ou sociedades que pertencen ao sector público destinadas a cubrir déficit de explotación.

Disposición adicional quinta. *Creación de axencias estatais.*

Suspéndese o disposto na disposición adicional trixésimo primeira da Lei 26 /2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado, de tal forma que en 2010 non se autorizará a creación de ningunha nova axencia estatal das reguladas na Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos.

Disposición adicional sexta. *Aprazamento e periodificación do aboamento dos efectos retroactivos das prestacións económicas previstas na Lei 39/2006, do 14 de decembro.*

As contías en concepto de efectos retroactivos das prestacións económicas previstas no artigo 18 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, poderán ser aprazadas e o seu aboamento periodificado en pagamentos anuais de igual contía, nun prazo máximo de 5 anos desde a data da resolución firme de recoñecemento expreso da prestación. O aprazamento deberá ser notificado á persoa beneficiaria da prestación e á Administración xeral do Estado como responsable do nivel mínimo, para os efectos de que esta axuste o seu aboamento ao aprazamento e periodificación dos importes das prestacións económicas determinado pola comunidade autónoma.

Disposición adicional sétima. *Cotización ao réxime xeral da Seguridade Social.*

Desde o 1 de xuño ao 31 de decembro de 2010, a base de cotización por todas as contingencias dos empregados públicos encadrados no réxime xeral da Seguridade Social cuxas retribucións sexan obxecto do axuste previsto neste real decreto lei, en canto permaneza a súa relación laboral ou de servizo, será coincidente coa habida no mes de maio de 2010, salvo que por razón das retribucións que percibisen puidese corresponder unha de maior contía, caso en que será esta pola que se efectuará a cotización mensual.

Para os efectos do indicado no parágrafo anterior, da base de cotización correspondente ao mes de maio de 2010 deduciranse, se é o caso, os importes dos conceptos retributivos que teñan unha periodicidade no seu devengo superior á mensual ou que non teñan carácter periódico e que integrasen a dita base sen ser obxecto de rateo.

Disposición adicional oitava. *Aranceis notariais e rexistrais.*

Un. Rebaixaranse os aranceis notariais e rexistrais en operacións de contía, do seguinte xeito.

1. Aplicarase unha rebaixa do 5% ao importe dos dereitos notariais resultantes da aplicación do previsto no número 2.1 do arancel dos notarios, aprobado polo Real decreto 1426/1989, do 17 de novembro, polo que se aproba o arancel dos notarios. Esta rebaixa é adicional respecto da aplicación dos demais descontos ou rebaixas previstos na normativa vixente.

2. Aplicarase unha rebaixa do 5% ao importe dos dereitos dos rexistradores da propiedade resultantes da aplicación do previsto no número 2.1 do Real decreto 1427/1989, do 17 de novembro, polo que se aproba o arancel dos rexistradores da propiedade. Esta rebaixa é adicional respecto da aplicación dos demais descontos ou rebaixas previstos na normativa vixente.

3. Aplicarase unha rebaixa do 5% ao importe dos dereitos dos rexistradores mercantís resultantes da aplicación do previsto no número 5 do Decreto 757/1973, do 29 de marzo, polo que se aproba o adxunto arancel dos rexistradores mercantís. Esta rebaixa é adicional respecto da aplicación dos demais descontos ou rebaixas previstos na normativa vixente.

Dous. Establécense as seguintes obrigas de información aos interesados que se deben conter na minuta.

1. As minutas dos notarios e rexistradores da propiedade, mercantís e bens mobles, ademais de cumprir a normativa aplicable, expresarán separadamente e coa debida claridade:

- a) Cada un dos conceptos por que se devengasen dereitos arancelarios, con expresión individualizada do número e punto de arancel aplicado.
- b) O concepto minutable.
- c) A aplicación ou non de rebaixas de acordo coas normas aplicables ao caso.

d) No caso dos notarios a aplicación de descontos de acordo coa normativa aplicable.

e) A aplicación ou non de bonificacións ou reducións de calquera clase.

2. As minutas dos notarios e rexistradores tamén expresarán a base aplicada ou expresión de que é sen contía, honorarios que comporta cada concepto e total de honorarios, sen que, por ningunha razón, se poidan agrupar globalmente os números e cantidades correspondentes a distintos conceptos. Tamén expresarán a forma en que se obtiveron os valores para a aplicación do arancel e os suplidos, se os houber.

Disposición adicional novena. *Normas especiais en relación con determinadas entidades do sector público para os efectos da aplicación da redución salarial prevista neste real decreto lei con efectos do 1 de xuño de 2010.*

O disposto na Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2010, na redacción dada por este real decreto lei no relativo á redución salarial, non será de aplicación ao persoal laboral non directivo das sociedades mercantís a que se refire o punto un, g) do artigo 22 da citada lei nin ao persoal laboral non directivo das entidades públicas empresariais RENFE, ADIF e AENA, salvo que por negociación colectiva as partes decidan a súa aplicación.

Disposición transitoria primeira. *Complementos persoais e transitorios.*

Con efectos do 1 de xuño de 2010, os complementos persoais e transitorios recoñecidos en virtude do disposto na disposición transitoria terceira da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2010, manteranse nas mesmas contías que en 1 de xaneiro de 2010.

Disposición transitoria segunda. *Xubilación parcial.*

Ata o 31 de decembro de 2012 poderanse acoller á modalidade de xubilación parcial establecida no artigo 166.2 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, co cumprimento de todos os requisitos exixidos nas letras b), c), d), e) e f) do dito artigo, os traballadores afectados por compromisos adoptados en expedientes de regulación de emprego ou por medio de convenios e acordos colectivos de empresa, aprobados ou subscritos, respectivamente, con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei, ás seguintes idades:

- 60 anos se o traballador con contrato de revezamento é contratado a xornada completa mediante un contrato de duración indefinida.
- 60 anos e 6 meses se o traballador con contrato de revezamento é contratado noutras condicións.

Disposición transitoria terceira. *Solicitud de prestacións da Lei 39/2006, do 14 de decembro.*

Ás persoas que solicitasen o recoñecemento da situación de dependencia con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei e se lles recoñeza un grao III ou un grao II, seralles de aplicación a disposición derradeira primeira da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, na redacción vixente no momento de presentación da solicitude.

Disposición transitoria cuarta. *Réxime transitorio de subministración, comercialización e facturación de medicamentos e produtos sanitarios.*

Un. As medidas establecidas nos artigos 8 e 10 deste real decreto lei serán de aplicación aos medicamentos que se dispensen a partir do 1 de xuño de 2010, con cargo a fondos públicos do Sistema Nacional de Saúde, incluídos os réximes especiais da

Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado (MUFACE), do Instituto Social das Forzas Armadas (ISFAS) e da Mutualidade Xeral Xudicial (MUXEXU).

Dous. As medidas establecidas nos artigos 9 e 10 deste real decreto lei serán de aplicación aos medicamentos cuxa compra se formalice a partir do 1 de xuño de 2010, con cargo a fondos públicos do Sistema Nacional de Saúde, incluídos os réximes especiais da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado (MUFACE), do Instituto Social das Forzas Armadas (ISFAS) e da Mutualidade Xeral Xudicial (MUXEXU).

Tres. Os produtos sanitarios afectados polo disposto no artigo 11 deste real decreto lei serán subministrados polos fabricantes ao novo prezo de venda ao público no prazo dun mes desde a entrada en vigor deste real decreto lei, ben con novas embalaxes, ou ben reetiquetando as actuais con etiquetas adhesivas non removibles.

As existencias dos produtos sanitarios, con prezo anterior ás reducións establecidas neste real decreto lei, que estean en poder de almacéns maioristas poderanse seguir comercializando ao dito prezo ata o 15 de xullo de 2010 e as existencias das presentacións de produtos sanitarios, con prezo anterior ás reducións establecidas neste real decreto lei, que estean en poder das oficinas de farmacia poderanse seguir comercializando ao dito prezo ata o 31 de xullo de 2010.

Para os efectos de devolucións aplicarase aos produtos sanitarios o disposto no artigo 6.2.5 do Real decreto 726/1982, do 17 de marzo, polo que se regula a caducidade e devolucións das especialidades farmacéuticas aos laboratorios farmacéuticos. En consecuencia, os almacéns maioristas e as oficinas de farmacia poderán devolver aos fabricantes de produtos sanitarios, a partir da finalización do prazo previsto no anterior parágrafo e conforme o establecido no artigo 8 do citado real decreto, as existencias das presentacións con prezo na embalaxe anterior ás reducións establecidas neste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Un. Quedan derogadas expresamente as seguintes disposicións:

a) As disposicións transitorias cuarta e décimo sétima do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nas redaccións dadas, respectivamente, polos artigos 3, seis e 4.2 da Lei 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de Seguridade Social.

b) Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2011, os artigos 1 a 5 e as disposicións adicionais primeira e segunda da Lei 35/2007, do 15 de novembro, pola que se establece a dedución por nacemento ou adopción no imposto sobre a renda das persoas físicas e a prestación económica de pagamento único da Seguridade Social por nacemento ou adopción.

Dous. Derrógase calquera outra norma de igual ou inferior rango no que se opoña ao disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Os artigos deste real decreto lei que non constitúen disposicións modificativas doutras vixentes dítanse ao abeiro dos seguintes preceptos da Constitución:

a) Ao abeiro do disposto no punto 13º do artigo 149.1 e no artigo 156.1 da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e autonomía financeira das comunidades autónomas conforme os principios de coordinación coa Facenda pública estatal e de solidariedade entre todos os españois.

b) Ao abeiro do establecido no punto 14º do artigo 149.1 da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de facenda xeral e débeda do Estado.

c) Ao abeiro do disposto no punto 16º do artigo 149.1 da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar lexislación sobre produtos farmacéuticos.

d) Ao abeiro do disposto no punto 17º do artigo 149.1 da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

e) Ao abeiro do disposto no punto 18º do artigo 149.1 da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva sobre as bases do réxime estatutario dos funcionarios.

Disposición derradeira segunda. *Carácter básico.*

O disposto no artigo 1, números dous e tres e disposición adicional novena deste real decreto lei ten carácter básico e dítase ao abeiro dos artigos 149.1.13ª, 149.1.18ª e 156.1 da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Facultades de desenvolvemento.*

Habílitate o Goberno e os titulares dos ministerios de Economía e Facenda, de Xustiza, de Traballo e Inmigración, de Presidencia, de Sanidade e Política Social e de Política Territorial, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditar as disposicións e adoptar as medidas necesarias para o desenvolvemento e execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira cuarta. *Relación de medicamentos afectados polas deducións establecidas nos artigos 8, 9 e 10.*

A Dirección Xeral de Farmacia e Produtos Sanitarios publicará e manterá actualizada, xunto ao Nomenclátor de produtos farmacéuticos do Sistema Nacional de Saúde, a relación dos medicamentos afectados polo disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira quinta. *Rango normativo.*

A disposición adicional sétima poderá ser modificada polo Consello de Ministros mediante real decreto.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Barcelona o 20 de maio de 2010

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO